

# **INFORME ECONÓMICO – FINANCEIRO**

# INFORME ECONÓMICO – FINANCEIRO

<b>I. SITUACIÓN ECONÓMICA .....</b>	<b>5</b>
<b>I.1. EVOLUCIÓN RECENTE DA ECONOMÍA INTERNACIONAL.....</b>	<b>5</b>
<b>I.2. EVOLUCIÓN RECENTE DA ECONOMÍA ESPAÑOLA.....</b>	<b>15</b>
<b>I.3. ECONOMÍA GALEGA. ....</b>	<b>23</b>
3.1. SECTOR EXTERIOR. ....	23
3.2. DEMANDA INTERNA. ....	26
3.3. PRODUCCIÓN. ....	33
3.4. MERCADO DE TRABALLO.....	41
3.5. SALARIOS E PREZOS.....	45
3.6. RESUME E PRESPECTIVAS .....	53
<b>II. SITUACIÓN MONETARIA E FINANCEIRA .....</b>	<b>65</b>
<b>II.1. MERCADOS MONETARIOS E DE DÉBEDA .....</b>	<b>65</b>
<b>II.2. MERCADOS CAMBIARIOS .....</b>	<b>71</b>
<b>II.3. AGREGADOS MONETARIOS.....</b>	<b>72</b>
<b>III. O ORZAMENTO DO 2002: ESTRATEXIA E OBXECTIVOS BÁSICOS .....</b>	<b>77</b>
<b>III.1. A ESTRATEXIA DO ORZAMENTO .....</b>	<b>77</b>
<b>III. 2. O CADRO MACROECONÓMICO DE PARTIDA .....</b>	<b>81</b>
<b>III.3. OBXECTIVOS BÁSICOS.....</b>	<b>84</b>
<b>III.4. EVOLUCIÓN DE INGRESOS E GASTOS .....</b>	<b>95</b>
<b>III.5 O CADRO MACROECONÓMICO DOS ORZAMENTOS.....</b>	<b>98</b>

# Índice de tablas


<b>Previsións de Crecemento. Crecemento do PIB Escenario para Europa (% crecemento anual) .....</b>	<b>12</b>
<b>Previsións de Crecemento. Crecemento do PIB. Escenario economía internacional. (% crecemento anual). .....</b>	<b>14</b>
<b>Contabilidade Trimestral de España .....</b>	<b>18</b>
<b>Escenarios macroeconómicos. España. (% de variación salvo indicación en contrario) .....</b>	<b>22</b>
<b>Contabilidade Trimestral de Galicia .....</b>	<b>33</b>
<b>IPC. TAXAS DE VARIACIÓN INTERANUAIS SOBRE MEDIAS TRIMESTRAIS.....</b>	<b>50</b>
<b>EVOLUCION GASTO CORRENTE/GASTO SOCIAL/GASTOS DE CAPITAL .....</b>	<b>80</b>
<b>CADRO MACROECONÓMICO DE GALICIA .....</b>	<b>82</b>
<b>CADRO MACROECONÓMICO DE ESPAÑA.....</b>	<b>83</b>
<b>PRESUPOSTO CONSOLIDADO 2001/2002 (*) .....</b>	<b>95</b>
<b>AFORRO BRUTO 2001/2002 (*) .....</b>	<b>96</b>
<b>CONTA PRESUPOSTARIA 2002.....</b>	<b>97</b>
<b>CADRO MACROECONÓMICO .....</b>	<b>98</b>

# **I. SITUACIÓN ECONÓMICA**

# I. SITUACIÓN ECONÓMICA

## I.1. EVOLUCIÓN RECIENTE DA ECONOMÍA INTERNACIONAL.

A evolución recente da economía internacional, que dende unha perspectiva macroeconómica completa se circunscribe aínda ó terceiro trimestre de 2001, caracterizouse fundamentalmente pola caída que experimentou o PIB da economía norteamericana, pola permanencia dunha situación de extrema debilidade na economía xaponesa, e por un novo deterioro da conxuntura económica na Unión Monetaria, todo o que configura un panorama de empeoramento na actividade económica mundial do que participan tamén os países emerxentes asiáticos e as principais economías de Iberoamérica. Como consecuencia da adversa evolución dos últimos meses, acentuada polo impacto adverso que exerceron sobre as expectativas económicas os acontecementos do pasado 11 de



setembro, os principais organismos internacionais modificaron á baixa as súas previsións de crecemento para o ano 2002, de forma que a recuperación da actividade económica mundial, prevista inicialmente para 2001, se pospón agora entre dous e catro trimestres. De todos xeitos, é importante notar que ningunha das previsións destes organismos contempla a posibilidade de que poida ter lugar unha recesión a escala mundial no presente ano, e os prognósticos apuntan en xeral cara unha recuperación da actividade económica que se iría consolidando a medida que avance este ano e que estaría apoiada sobre todo nos baixos prezos do petróleo – que permanecían situados en decembro no entorno dos 19 dólares por barril - e na importante redución que experimentaron os tipos de xuro nas principais economías do planeta.

## ESTADOS UNIDOS

O PIB da economía de Estados Unidos experimentou no terceiro trimestre de 2001 un modesto crecemento do 0'6% en termos da taxa interanual. Este baixo crecemento estivo fundamentalmente inducido polo descenso da demanda interna, como consecuencia á súa vez dunha forte desaceleración ata o 1'1% no ritmo de crecemento do consumo privado e dunha importante caída do 6'8% no investimento, tanto en bens de equipo como en software. A contribución do sector exterior foi lixeiramente positiva, como resultado neto de fortes descensos das exportacións e das importacións.

Aínda que a principios de 2002 se advirten algúns indicios de recuperación, a evolución da economía norteamericana durante o cuarto trimestre mantivo a tónica recesiva do trimestre precedente, feito que se pon de manifesto no novo descenso que experimentou a produción industrial – un 6% interanual, o maior descenso do ano – e o novo aumento da taxa de paro, que entre o terceiro e o cuarto trimestre ascendeu dende o 4'8% ata o 5'6%. Todo isto levou a Reserva Federal a reducir novamente os tipos de xuro dos fondos federais, que trala última redución que tivo lugar o pasado 12 de decembro – a undécima dende comezos do ano pasado – quedou situado no 1'75%. Con esta nova redución dos tipos de xuro, facilitada ademais pola notable mellora que experimentou a inflación como consecuencia da caída dos prezos da enerxía, a Reserva Federal trata de reactivar o consumo e o investimento e evitar o risco de que a economía norteamericana entre nunha fase de recesión máis

prolongada. Por outra parte, o goberno federal está preparando tamén diversas medidas de carácter fiscal co obxecto de estimular a economía, aínda que existen dúbidas acerca dos efectos reais que poderán ter as medidas propostas. Todas estas medidas reactivadoras induciron recentemente unha recuperación bastante significativa dos mercados de valores, así como un repunte na cotización do dólar con respecto ó euro.



## **XAPÓN E PAÍSES ASIÁTICOS.**

Despois de experimentar un descenso interanual do 0'6% no segundo trimestre, o PIB da economía xaponesa volveu a retroceder no terceiro, dando a razón ós negativos prognósticos anticipados tanto polas propias institucións xaponesas como polos analistas privados e organismos internacionais. O descenso do terceiro trimestre, dun 0'5% en termos interanuais, así como o carácter negativo dos datos económicos máis recentes, confirman a severidade da recesión da economía xaponesa, e dan paso a novas medidas de estímulo de carácter orzamentario que tratan de compensar a situación de atonía que ven caracterizando a evolución da demanda interna da economía xaponesa dende hai varios anos.

A difícil conxuntura pola que atravesan as economías norteamericana e xaponesa, e especialmente esta última, contaxiou de forma crecente ás economías emerxentes asiáticas, onde a situación económica parece haber empeorado significativamente no terceiro trimestre, quizá coa única excepción de Indonesia. A caída da actividade económica está sendo particularmente acusada en Hong Kong, Malaisia, Taiwan e Singapur, onde os últimos datos dispoñibles reflicten caídas do PIB no terceiro trimestre e descensos das producións industriais no meses posteriores para os que se dispón de información.

## **IBEROAMÉRICA.**

O deterioro da conxuntura internacional afectou tamén a Iberoamérica, aínda que con distinta intensidade segundo os países. A situación continua a ser particularmente delicada en Arxentina, onde o bloqueo das contas bancarias e as dificultades para elaborar un plan económico coherente que goce do beneplácito do FMI e que permita saír ó país da crise provocaron unha grave crise social e serios problemas de abastecemento de produtos básicos entre a poboación. A produción industrial caeu bruscamente en Arxentina, pero o ton de desaceleración é tamén notorio en Brasil, Perú, Colombia e México, e especialmente neste último país.

## EUROPA.

Dentro da zona euro, a situación é particularmente delicada en Alemaña, onde a taxa de crecemento interanual do PIB do terceiro trimestre de 2001 foi do 0'4%. Máis recentemente o Instituto Estatístico de Alemaña publicou unha primeira estimación provisional do crecemento do PIB para o conxunto de 2001, situándoo no 0'6%. Se isto fose así, o crecemento do cuarto trimestre sería negativo, confirmando a debilidade da situación económica alemana. En Francia e Italia, a actividade económica mantén un ton máis vigoroso, aínda que igualmente desacelerado: no terceiro trimestre, as taxas de crecemento interanual do PIB situáronse, respectivamente, no 2% e no 1'9%, o que supón en ambos casos unha redución de dúas décimas con respecto ás que se acadaran no trimestre precedente. Esta tónica de desaceleración é a que se mantivo nos meses seguintes, xa que a produción industrial destes países rexistrou descensos interanuais de significación no tramo final do ano pasado.

Seguindo a tendencia marcada pola Reserva Federal, e aínda que as variacións foran moito máis modestas, o Banco Central Europeo tamén volveu a baixar os tipos de xuro, unha medida que se xustificou pola favorable evolución que experimentou recentemente a inflación como consecuencia do descenso dos prezos da enerxía. Nestes momentos, e tralo descenso que tivo lugar en novembro, o tipo de xuro de intervención está situado no 3'25%, un punto e medio por debaixo do nivel vixente a comezos do ano pasado e 1'5 puntos por riba do tipo vixente en Estados Unidos.

<b>Previsións de Crecemento. Crecemento do PIB Escenario para Europa (% crecemento anual)</b>									
	<b>2000</b>	<b>2001</b>			<b>2002</b>			<b>2003</b>	
	<b>CE</b>	<b>CE</b>	<b>OCDE</b>	<b>FMI</b>	<b>OCDE</b>	<b>CE</b>	<b>FMI</b>	<b>CE</b>	<b>OCDE</b>
	<b>Nov. 01</b>	<b>Nov. 01</b>	<b>Nov. 01</b>	<b>Nov. 01</b>	<b>Nov. 01</b>	<b>Nov. 01</b>	<b>Nov. 01</b>	<b>Nov. 01</b>	<b>Nov. 01</b>
Bélxica	4'0	1'3	1'1		1'3	1'4		2'8	2'6
Dinamarca	3'2	1'3	1'3		1'6	1'3		2'5	2'3
Alemania	3'0	0'7	0'7	0'7	0'7	1'0	0'8	2'8	2'9
Grecia	4'3	4'1	3'9		3'5	4'0		4'2	4'3
España	4'1	2'7	2'7		2'0	2'0		3'2	3'2
Francia	3'1	2'0	2'0	2'0	1'5	1'6	1'3	2'6	3'0
Irlanda	11'5	6'5	5'6		3'3	3'7		5'5	6'4
Italia	2'9	1'8	1'8	1'8	1'3	1'2	1'2	2'7	2'8
Luxemburgo	9'5	4'0	4'0		3'0	3'4		5'4	5'9
Holanda	3'5	1'5	1'4		1'5	1'6		3'1	2'6
Austria	3'0	1'1	1'2		1'2	1'5		2'4	2'7
Portugal	3'4	1'7	1'9		1'5	1'8		2'3	2'8
Finlandia	5'7	0'5	0'4		1'7	1'2		2'9	3'4
Suecia	3'6	1'4	1'4		1'6	1'6		2'6	2'8
Reino Unido	2'9	2'3	2'3	2'3	1'7	1'7	1'8	3'0	2'5

## **PERSPECTIVAS.**

A desaceleración observada nos ritmos de crecemento das principais economías, así como o deterioro adicional das expectativas a raíz dos acontecementos do 11 de setembro, levou ós principais organismos internacionais a revisar as súas proxeccións de crecemento da economía mundial para este ano, que experimentan un substancial axuste á baixa con respecto ás vixentes ata hai uns meses.

O FMI sitúa agora no 0'7% o crecemento do PIB de Estados Unidos este ano, fronte ó 2'2% de hai tres meses. Así mesmo, a previsión de crecemento da zona euro en 2002 descende dende o 2'2% ata o 1'4%, mentres que para Xapón se estima un retroceso do PIB do 1'3%. As últimas previsións da OCDE sobre a evolución das principais economías durante o corrente ano son do mesmo tenor, xa que se anticipa para este ano un crecemento do 0'7% no PIB de Estados Unidos – que coincide coa previsión do FMI -, e do 1'4% na zona euro, así como un descenso do 1% no PIB da economía xaponesa. Sen embargo, a fase de desaceleración que atravesan as economías máis avanzadas concluiría segundo este organismo no ano 2002, xa que para o ano próximo anticipase unha forte recuperación na área da OCDE que sería especialmente intensa en Estados Unidos e na zona euro.

Máis recentemente, a Comisión Europea presentou tamén as súas previsións de outono para a zona euro, que supoñen así mesmo un recorte á baixa sobre as anteriormente vixentes. Para o corrente ano, a

previsión de crecemento da Comisión Europea na zona euro sitúase no 1'4%, cifra que supera nunha décima ás previsións do FMI e da OCDE para a área. Segundo a Comisión, o PIB da economía española crecerá un 2% en 2002, estimación que coincide tamén coa avanzada pola OCDE para o noso país.


<b>Previsións de Crecemento. Crecemento do PIB. Escenario economía internacional. (% crecemento anual).</b>									
	2000	2001			2002			2003	
	CE	CE	OCDE	FMI	OCDE	CE	FMI	CE	OCDE
	Nov. 01	Nov. 01	Nov. 01	Nov. 01	Nov. 01	Nov. 01	Nov. 01	Nov. 01	Nov. 01
UE	3'3	1'7	1'7	1'7	1'4	1'5	1'4	2'9	3'0
Zona Euro	3'4	1'6	1'6	1'6	1'3	1'4	1'3	2'9	2'9
EE UU	4'2	0'9	1'1	1'1	0'5	0'7	0'7	3'4	3'8
Xapón	1'5	-0'6	-0'7	-0'9	-0'9	-1'0	-1'3	0'5	0'8

## I.2. EVOLUCIÓN RECIENTE DA ECONOMÍA ESPAÑOLA.

### ACTIVIDADE ECONÓMICA.

De acordo coa Contabilidade Trimestral do INE, o PIB da economía española creceu un 2'6% no terceiro trimestre, cifra que se sitúa tres décimas por debaixo da acadada no segundo trimestre e que supón a continuidade do proceso de desaceleración iniciado a principios do ano pasado. Este menor crecemento foi tamén acompañado dunha menor creación de emprego, así como dunha redución significativa das tensións inflacionistas.

Na redución do crecemento económico influíron tanto o peor comportamento da demanda externa neta como o menor dinamismo da demanda interna.



As exportacións de bens e servicios aumentaron un 2'2%, case a metade do que creceron no segundo trimestre. A desaceleración, que foi particularmente intensa no caso das exportacións de bens, produciuse con intensidade parecida en case tódolos mercados, e responde fundamentalmente ó notable deterioro que experimentou a conxuntura económica internacional nos últimos meses. Pola súa parte, as importacións de bens e servicios, aínda que tamén se desaceleraron, creceron aínda a unha taxa do 2'6%, determinando que a achega negativa da demanda externa neta ó crecemento económico se incrementase nunha décima pasando de -0'1 puntos a -0'2 puntos.

A demanda interna experimentou un crecemento do 2'7% no terceiro trimestre, dúas décimas menos que no trimestre precedente. O gasto en consumo final das administracións públicas é o único compoñente da demanda onde se acelerou o crecemento; o crecemento deste compoñente situouse no 3'6%, cifra que supera en dúas décimas a correspondente ó trimestre precedente e que estivo fundamentalmente motivada polo aumento dos gastos de persoal. O gasto en consumo final dos fogares creceu un 2'5%, só unha décima menos que no segundo trimestre; este comportamento estivo basicamente influído pola desaceleración que experimentou o compoñente alimenticio, xa que o compoñente non alimenticio mostrou en xeral unha tónica de estabilidade. O investimento en construción continúa sendo o compoñente máis dinámico da demanda global, aínda que o seu ritmo de avance tamén se reduciu tres décimas; o crecemento do terceiro trimestre, situado no 5'6%,



apoiouse fundamentalmente no forte ton expansivo do investimento en infraestructuras e en menor medida no investimento en construción non residencial, xa que o investimento en vivenda ven mostrando recentemente unha tendencia claramente desacelerada. Por último, cabe destacar que o investimento en bens de equipo no terceiro trimestre – dun -3'1% - é o máis baixo dende 1994, e supera con moito ó rexistrado no trimestre anterior.

Polo que se refire á oferta, a desaceleración no crecemento foi así mesmo a tónica dominante en tódolos sectores productivos. O crecemento do VEB das ramas primarias situouse no 0'1%, un punto menos que no segundo trimestre; non obstante, cabe destacar que a rama gandeira repontou fortemente en termos nominais, podendo afirmarse que nestes momentos recuperouse do shock que padeceu o ano pasado. O VEB do sector industrial creceu a unha taxa do 1%, cifra que implica unha desaceleración de sete décimas con respecto á rexistrada no trimestre precedente e que se produce como consecuencia tanto do menor crecemento das exportacións como do afundimento do investimento en bens de equipo. O VEB do sector da construción creceu un 5'4%, cifra practicamente igual á acadada no trimestre anterior e que como xa se apuntou ten o seu principal punto de apoio na notable aceleración que están experimentando nos últimos meses os investimentos en infraestructuras e, en particular, os investimentos en ferrocarrís, portos e urbanizacións. Por último, o VEB das ramas de servizos creceu só un 3'3%, só unha décima menos que no trimestre precedente; segundo os indicadores dispoñibles, o maior impulso ó crecemento do sector servizos proveu das

actividades non orientadas ó mercado, xa que as orientadas ó mercado – sobre todo as actividades de restauración e comercio – mantiveron unha tónica de desaceleración.

<b>Contabilidade Trimestral de España</b>								
<b>3º trimestre 2001</b>								
<b>Prezos Constantes (Base 1995)</b>								
<b>Taxas de Crecemento Interanual da Ciclotendencia</b>								
	<b>España</b>							
		<b>2000</b>				<b>2001</b>		
	<b>2000</b>	<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3º</b>	<b>4º</b>	<b>1º</b>	<b>2º</b>	<b>3º</b>
<b>VEB A PREZOS BÁSICOS</b>								
Agricultura e Pesca	1.5	0.3	1.8	1.9	1.8	1.6	1.1	0.1
Industria	4.0	4.6	4.7	3.9	3.0	2.2	1.7	1.0
Construcción	6.3	6.3	6.4	6.3	6.1	5.8	5.5	5.4
Servicios	3.9	4.3	4.0	3.7	3.6	3.5	3.4	3.3
(Total non agrario)	4.1	4.5	4.4	4.0	3.6	3.4	3.2	2.9
Total VEB pb	4.0	4.3	4.2	3.9	3.5	3.3	3.1	2.8
<b>PIB A PREZOS DE MERCADO</b>	4.1	4.5	4.4	4.0	3.5	3.2	2.9	2.6

## **MERCADO DE TRABALLO.**

O menor crecemento económico traducíuse, como é lóxico, nun menor crecemento do emprego. En termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, o emprego aumentou un 2'3% no terceiro trimestre, o que supón unha desaceleración de dúas décimas con respecto ó crecemento observado no segundo. En termos da EPA, a creación de emprego non se moderou, xa que o seu ritmo de crecemento – un 1'8% - se mantivo ó mesmo nivel que no trimestre precedente. Dado que a poboación activa aumentou un 0'7%, o ritmo de redución do paro tamén só se reduciu lixeiramente, situándose no terceiro trimestre no 6'2%.

## **PREZOS.**

A evolución dos prezos foi, xunto co control do déficit público, o aspecto máis positivo da conxuntura económica durante o terceiro trimestre, aínda que a evolución da inflación subxacente diste de ser satisfactoria. En promedio, a taxa interanual da inflación española situouse no 3'6% no terceiro trimestre, desacelerándose medio punto con respecto ó trimestre precedente. Este resultado debeuse en gran parte ó descenso dos prezos do petróleo, polo impacto que exerce nos prezos do transporte e da vivenda. Sen embargo, a inflación subxacente permanece situada no 3'7% no momento no que se publica este informe, un nivel sen dúbida preocupante que só poderá reducirse se os crecementos salariais se adaptan á favorable evolución que nos últimos meses está experimentando o IPC xeral.

## **PERSPECTIVAS.**

En consonancia coas novas previsións formuladas polos organismos económicos internacionais e pola Comisión Europea sobre a evolución da economía mundial, que como sinalamos supuxeron un importante reaxuste á baixa sobre as anteriormente vixentes, o Programa de Estabilidade para o período 2001 – 2005, dado recentemente a coñecer polo goberno español, modificou tamén á baixa as previsións de crecemento da economía española, adaptándoas ás novas circunstancias que imperan na economía internacional.

Polo que se refire ó ano corrente, o crecemento previsto do PIB no escenario central, que en principio é o que se considera máis probable, reduciuse dende o 2'9% ata o 2'4%, como consecuencia, fundamentalmente, dun comportamento menos expansivo da demanda interna que o inicialmente contemplado nos presupostos. Neste escenario central, o deflactor do PIB rexistra un crecemento do 2'8% e o crecemento do emprego sitúase no 1'1%, mentres que se mantén a previsión de equilibrio no saldo orzamentario.

Polo que se refire ó período 2003-2005, o Plan de Estabilidade sitúa o crecemento previsto do PIB no escenario central no 3% anual, o que iría asociado a un crecemento do deflactor do PIB do 2'4% anual, a un crecemento do emprego do 1'8% anual, e a un comportamento do saldo orzamentario que permitiría a obtención dun lixeiro superávit orzamentario nos anos 2004 e 2005.

<b>Escenarios macroeconómicos. España.</b> (% de variación salvo indicación en contrario)					
	<b>2001</b>	<b>2002</b>	<b>2003</b>	<b>2004</b>	<b>2005</b>
	<b>(P)</b>	<b>(F)</b>	<b>(F)</b>	<b>(F)</b>	<b>(F)</b>
<b>Escenario de crecimiento elevado</b>					
PIB	3'0	2'9	3'2	3'2	3'2
Deflactor do PIB	3'8	2'9	2'4	2'4	2'4
Emprego: variación en %	2'1	1'8	2'0	2'0	2'0
Paro: % poboación activa (EPA)	12'7	11'5	10'8	10'1	9'4
Cap.(+)/Nec (-) financiamento fronte resto mundo (1)	-2'4	-2'3	-2'5	-2'6	-2'8
<b>Escenario central</b>					
PIB	3'0	2'4	3'0	3'0	3'0
Deflactor do PIB	3'8	2'8	2'4	2'4	2'4
Emprego: variación en %	2'1	1'1	1'8	1'8	1'8
Paro: % poboación activa (EPA)	12'7	12'4	11'7	11	10'3
Cap.(+)/Nec (-) financiamento fronte resto mundo (1)	-2'4	-2'4	-2'5	-2'6	-2'8
<b>Escenario de crecimiento reducido</b>					
PIB	3'0	1'8	2'6	2'6	2'6
Deflactor do PIB	3'8	2'7	2'3	2'3	2'3
Emprego: variación en %	2'1	0'6	1'3	1'3	1'3
Paro: % poboación activa (EPA)	12'7	12'7	12	11'3	10'6
Cap.(+)/Nec (-) financiamento fronte resto mundo (1)	-2'4	-2'4	-2'4	-2'4	-2'5
(1) Porcentaxe do PIB (P) Provisional (F) Previsión FONTE: Ministerio de Economía					


## I.3. ECONOMÍA GALEGA.

### 3.1. SECTOR EXTERIOR.

De acordo coas últimas cifras, as exportacións galegas ó resto do mundo, medidas en pesetas constantes, ascenderon a 1.667 millóns de euros no terceiro trimestre, o que supón un incremento do 8%, un reponte importante con respecto ó descenso do 5'9% que experimentaron as exportacións no trimestre precedente. Medidas de igual forma, as importacións ascenderon a 2.464 millóns de euros, o que significa un aumento dun 17'9% no terceiro trimestre, o que representa tamén un reponte cando este incremento se compara co descenso do 1'2% que rexistraron as importacións no período anterior.

### Comercio Exterior de Galicia

#### Taxas de crecemento interanual : Serie Orixinal e Ciclo-Tendencia



O reponte en pesetas constantes tanto das exportacións como das importacións detéctase igualmente cando os crecementos se calculan en termos tendenciais, aínda que a magnitude do mesmo é entón moi inferior. En efecto, o crecemento das exportacións sitúase neste caso no 3'4%, mentres que o das importacións ascende ata o 10'7%. Isto fai que a taxa de cobertura do terceiro trimestre acade a cifra do 67'4%, o que supón unha redución de algo menos dun punto e medio con respecto á correspondente ó segundo. Polo tanto a contribución do sector exterior ó crecemento económico permaneceu bastante estabilizada nos dous últimos trimestres, xa que tanto a caída das exportacións no segundo trimestre como o seu posterior reponte foi acompañada de variacións de igual signo e ordes de magnitude similares nas cifras de importacións.

O reponte sinalado das exportacións, analizado por áreas xeográficas, débese fundamentalmente ó crecemento que experimentaron as exportacións á Unión Europea (15'4%), a América Latina (38'65) e á OPEP (30'5%), mentres que as realizadas a Estados Unidos e ó resto do mundo descenderon respectivamente un 18'8% e un 6'5%.

Por produtos o comportamento das exportacións no terceiro trimestre de 2001 foi o seguinte, dentro das partidas máis importantes da nosa exportación, as que tiveron un mellor comportamento foron: os vehículos automóbiles (26'4%), a roupa e os complementos de vestir (19'6%), así como o peixe, crustáceos e moluscos (2'9%), mentres que dentro das partidas máis importantes das importacións ás que creceron máis foron: os vehículos automóbiles (4'9%), os



peixes, crustáceos e moluscos (26'3%) e a roupa e complementos de vestir (21'7%).

Polo que se refire ó turismo, a recuperación que se atisbaba no segundo trimestre confirmouse no terceiro, se ben manténdose dentro dun ton moderado. Durante a tempada alta, o número de viaxeiros en establecementos hoteleiros rexistrou un aumento do 2%, cifra que se eleva ata o 7'4% cando a análise se efectúa en termos tendenciais e que se debe sobre todo á mellora que experimentou o turismo de españois. Sen embargo, o número de pernoctacións só aumentou un 1'2% en termos tendenciais durante o período que comentamos, pondo de manifesto que a evolución dos principais determinantes da demanda turística – a renda dispoñible tanto en España como nos países de orixe e o nivel dos prezos turísticos na nosa comunidade – non evolucionaron de xeito totalmente favorable durante o período que comentamos.

### **3.2. DEMANDA INTERNA.**

O comportamento da demanda interna durante o terceiro trimestre do ano caracterizouse fundamentalmente pola relativa estabilidade que continúa mostrando o consumo privado, pola recuperación que está rexistrando o investimento público, e polo ton deprimido que se advirte na evolución do investimento en equipo, que se superpón á tendencia descendente que presenta o investimento privado en construción.

O indicador de renda salarial real rexistrou un incremento do 4'1%, cifra que supera en tres décimas á acadada no trimestre precedente e que supón recuperar os niveis de crecemento de comezos do ano. Fronte ó ocorrido no segundo trimestre, no que o aumento da inflación contrarrestou o impacto expansivo do crecemento do emprego asalariado e dos salarios monetarios, no terceiro sucedeu o contrario, xa que a redución da inflación en medio punto porcentual exerceu neste período un impacto expansivo. Así, o aumento sinalado do indicador de renda salarial real produciuse esta vez como consecuencia dun incremento do 3'9% no emprego asalariado e do 0'2% no poder adquisitivo dos salarios, xa que o incremento salarial pactado en convenios – que se situou no 3'8% no terceiro trimestre – superou en tres décimas a taxa de inflación correspondente a este período.


O resto dos indicadores dispoñibles presenta unha evolución que en xeral resulta congruente con esta tónica de relativa fortaleza, con tendencia a estabilizarse, que presenta o crecemento do consumo privado.

As matriculacións de turismos aumentaron un 2'3% no terceiro trimestre, o que ratifica o perfil de recuperación que xa mostrara este compoñente da demanda de bens duradeiros no trimestre precedente. En termos tendenciais, a recuperación do terceiro trimestre é aínda máis intensa, xa que o crecemento das matriculacións sitúase neste caso no 4'9%.


O compoñente de bens de consumo do IPIGA aumentou un 9'7% no período que comentamos, aínda que en termos tendenciais o crecemento da produción desta clase de bens so repontou lixeiramente ata situarse no 4'8%. Hai que ter en conta, sen embargo, que unha gran parte da produción industrial galega ten como destino a exportación, o que limita o seu valor como indicador da evolución do consumo interno.

O investimento en construción seguiu, en liñas xerais, as mesmas pautas que nos trimestres anteriores, aínda que as tendencias dominantes – a saber, desaceleración do investimento privado e recuperación do público – parece que se acentuaron.


**Indicador de renda salarial real.  
Variacións interanuais.**




**Matriculacións de turismos.  
Variacións interanuais**



**IPIGA. Bens de Consumo.  
Variacións interanuais**




**Clima Industrial. Bens de Consumo.  
Porcentaxe neto de respostas**



O investimento en construción residencial aumentou un 11'4% no terceiro trimestre, unha cifra inferior en catro puntos á correspondente ó trimestre precedente e que queda certamente afastada das fortes taxas de expansión – da orde do 25% - que rexistrou o investimento en vivenda durante gran parte do ano pasado. O crecemento do investimento en vivenda está a experimentar polo tanto unha acusada desaceleración, e o previsible é que esta evolución se manteña, con tendencias a empeorar, ó menos nos próximos trimestres. De feito, o número de vivendas a construír, segundo as licencias concedidas polos concellos, está experimentando ultimamente descensos da orde do 25%, tal como era de esperar tendo en contra o derrube que xa experimentara previamente o número de vivendas a construír segundo os visados concedidos polo colexio de aparelladores.

Ó igual que no conxunto do estado, a fase descendente na que entrou o sector en Galicia responde fundamentalmente a dous factores: o primeiro, o menor crecemento do emprego, ao que habería que engadir o deterioro das expectativas sobre a evolución do mercado de traballo tal como reflicte o descenso que experimentou a poboación activa. O segundo, o empeoramento da accesibilidade á vivenda, como consecuencia, sobre todo, das alzas que experimentaron os prezos da mesma dende principio de 1999. Certamente, o crecemento dos prezos da vivenda en Galicia – un 17% no acumulado dos últimos dous anos – foi moi inferior ó promedio español, pero de todos xeitos contribuíu a frear a demanda nun período no que o impacto favorable da baixada dos tipos de xuro fora aínda limitado. De acordo cos últimos datos dispoñibles, o grado de accesibilidade á vivenda

situouse no terceiro trimestre no 40'5% do salario, 2'7 puntos por riba do nivel que tiña hai un ano.



A accesibilidade defínese como a porcentaxe que representa sobre o salario a cuota anual - amortización e intereses - dun préstamo hipotecario concertado a 15 anos, ó tipo de xuro vixente, para financiar o 80% do valor da vivenda tipo en Galicia.

O investimento en construción non residencial rexistrou un aumento do 6%, a metade que no trimestre precedente. Polo tanto, a desaceleración do investimento en construción non residencial está tendo lugar a un ritmo moito máis rápido que a do investimento en vivenda, aínda que as perspectivas de evolución a medio prazo poderían ser neste caso algo máis favorables. De feito, a superficie a construír de servizos comerciais e outros destinos segundo os visados do Colexio de Aparelladores experimentou importantes aumentos durante a segunda metade do ano pasado, e aínda que esta tendencia se rompera nos meses recentes non debería excluír a posibilidade de algún reponte nas licencias de construción e,

transcorrido algún tempo, no investimento en construción residencial.

A recuperación do investimento público constitúe o aspecto máis positivo da evolución recente do investimento en construción na economía galega. Fronte ás importantes caídas dos trimestres anteriores, o investimento público só retrocedeu un 0'7% no terceiro trimestre, xa que o descenso do 3'9% que aínda rexistrou o investimento en enxeñería civil foi practicamente compensado por un aumento do 5'9% no investimento en edificación.

Con todo, o verdadeiramente relevante é o forte reponte que experimentou a licitación oficial nos últimos meses, que anticipa a continuidade da traxectoria de recuperación do investimento público á que acabamos de referirnos. En efecto, a licitación oficial rexistrou un crecemento interanual do 393'1% nos meses de xuño, xullo e agosto, polo que o importe da licitación durante os oito primeiros meses do ano supera xa nun 83'9% a cifra correspondente a igual período do ano pasado. Tendo en conta esta tendencia, o investimento público podería comezar a rexistrar crecementos fortemente positivos nun período relativamente próximo, o que sen dúbida contribuiría a soste a actividade constructora nun momento no que o investimento privado en construción presenta claros síntomas de esgotamento.

Polo que se refire ó investimento en equipo, a evolución dos indicadores dispoñibles é máis contradictoria, xa que a recuperación das matriculacións de vehículos de carga e a produción de ben de

equipo contrasta, por exemplo, co drástico empeoramento que experimentou o clima industrial no sector de bens de investimento e coa importante caída do grado de utilización en dito sector no trimestre de referencia. Todo parece indicar, sen embargo, que o investimento continúa atravesando en conxunto unha fase contractiva, aínda que cun grado de intensidade probablemente inferior ó que se observa para este compoñente da demanda no conxunto do estado.



### 3.3. PRODUCCIÓN.

Contabilidade Trimestral de Galicia								
3º trimestre 2001								
Prezos Constantes (Base 1995)								
Taxas de Crecemento Interanual da Ciclotendencia								
	España							
	2000	2000				2001		
		1º	2º	3º	4º	1º	2º	3º
<b>VEB A PREZOS BÁSICOS</b>								
Agricultura e Pesca	-1.8	-0.8	-2.1	-2.4	-1.7	-0.4	0.5	1.0
Industria	5.5	5.6	5.9	5.5	5.1	4.2	2.9	2.4
Construcción	6.5	5.8	6.3	7.0	6.9	6.3	4.6	4.0
Servicios	3.7	4.3	3.8	3.5	3.3	3.2	3.1	3.1
(Total non agrario)	4.5	4.8	4.6	4.4	4.2	3.8	3.3	3.1
Total VEB pb	4.0	4.4	4.1	3.9	3.8	3.5	3.1	2.9
<b>PIB A PREZOS DE MERCADO</b>	3.9	4.4	4.0	3.7	3.6	3.3	2.9	2.7

Seguindo a pauta marcada pola demanda global, e en consonancia co perfil que mostra tamén a conxuntura económica española, o PIB da economía galega creceu a unha taxa interanual do 2'7% no terceiro trimestre, o que supón unha nova desaceleración con respecto ó crecemento acadado nos dous primeiros trimestres. En termos de VEB, o crecemento situouse no 2'9%, como consecuencia dun crecemento do 1% no sector primario, do 2'4% na industria, do 4% na construción e do 3'1% no sector servicios. Analizando a evolución agregada do PIB dende unha perspectiva temporal, e en contraste co ocorrido na economía española, conséntase sen embargo unha


ralentización no proceso de desaceleración da economía galega, xa que a caída no ritmo de crecemento do PIB, que en promedio tivo lugar a razón de case catro décimas por trimestre durante os dous primeiros trimestres, quedou reducida a dúas décimas no terceiro. Dende a perspectiva da oferta, a contención sinalada no proceso de desaceleración débese fundamentalmente ó mellor comportamento do sector primario e á estabilización do crecemento nas ramas de produtos industriais e no sector servicios, xa a construción mantivo unha tendencia globalmente contractiva.

#### **Sector Primario.**

No terceiro trimestre, o VEB do sector primario experimentou un crecemento do 1%, o que consolida a mellora xa observada no segundo. Esta mellora apoiouse sobre todo na lixeira recuperación da pesca, no bo ton do sector forestal, e na favorable campaña do viño, xa que o sector gandeiro mantívose en niveis parecidos ós do trimestre precedente.

## Sector Industrial.

O VEB do sector industrial aumentou un 2'4% no terceiro trimestre, medio punto menos que no trimestre precedente. Este resultado é a consecuencia de comportamentos moi diversos, xa que o maior impacto expansivo das ramas industriais quedou amortecido polo menor dinamismo das ramas enerxéticas.



A traxectoria recente do Índice de produción industrial de Galicia (IPIGA), confirma, en efecto, a diverxencia observada na evolución dos seus distintos compoñentes.

O compoñente de Enerxía e auga do IPIGA creceu un 3'4% en termos tendenciais, cifra que supón unha redución de cinco puntos porcentuais con respecto ó crecemento do segundo trimestre e que


prolonga a traxectoria de desaceleración que veu caracterizando o evolución deste compoñente dende finais do ano pasado. Polo contrario, o compoñente de bens industriais do IPIGA tivo un comportamento claramente expansivo que quebrou a tendencia contractiva anterior. Tanto en termos brutos como en termos tendenciais, o reponte observado no terceiro trimestre no crecemento do compoñente de bens industriais do IPIGA foi importante – dende o 2'6 ata o 8'4% no primeiro caso e dende o 3'7 ata o 6'5% no segundo-, e estivo fundamentalmente impulsado pola notable mellora que experimentou o subsector das Industrias transformadoras dos metais e mecánica de precisión e, en menor medida, pola recuperación da actividade en Outras industrias manufactureiras. Dentro deste contexto, destaca a recuperación observada na produción de automóbiles, que despois de aumentar un 5'3% no segundo trimestre creceu un 14'6% no terceiro.

A recuperación na actividade de produción de bens industriais, que tamén se mantivo en outubro, podería non obstante verse afectada nalgũa medida polos acontecementos do 11 de setembro, a cal tivo unha incidencia notoria sobre as expectativas empresariais. De acordo cos datos da Encuesta de Coyuntura Industrial, o clima industrial do conxunto da industria empeorou de xeito drástico en setembro e outubro, como consecuencia sobre todo dun derrube da carteira de pedidos que afectou especialmente ó sector de bens de investimento. Non obstante, a tendencia da produción xa se recuperara en novembro impulsando unha mellora relativa no clima industrial, o que podería significar que o desplome das expectativas en setembro e

outubro estivo máis influído polo impacto psicolóxico dos sucesos do 11 de setembro que por un cambio de carácter fundamental nos parámetros da situación industrial ata entón prevalecente.

### Construcción.

O VEB do sector da construción aumentou un 4% no terceiro trimestre, cifra que supón unha redución de seis décimas sobre o crecemento acadado no trimestre precedente e que confirma a continuidade do proceso de desaceleración que ven experimentando este compoñente da oferta dende hai aproximadamente un ano. Como xa se sinalou no capítulo correspondente á demanda, o menor crecemento da actividade constructora responde fundamentalmente ó menor dinamismo que mostraron no terceiro trimestre tanto a construción residencial como a construción privada non residencial, o cal non puido ser compensado aínda, contrariamente ó que ocorre no conxunto do estado, polo crecente impacto expansivo do investimento público.



Os indicadores indirectos da actividade do sector da construción presentan comportamentos algo dispare, aínda que non totalmente incompatibles con este diagnóstico. O crecemento das afiliacións á Seguridade Social no sector da construción repontou lixeiramente no terceiro trimestre. De todos xeitos, é importante notar que o crecemento da ocupación no sector se desacelerou notablemente dende o correspondente máximo cíclico, reflectindo un menor dinamismo da actividade constructora con respecto á situación dominante ata hai uns meses. Por outra parte, o feito de que o consumo aparente de cemento repontara con certa intensidade no terceiro trimestre tampouco é incompatible coa desaceleración apuntada no crecemento do valor engadido, dado que a secuencia de creación de valor non coincide exactamente coa do uso deste material no proceso productivo do sector da construción.

### **Servicios.**

Pola súa parte, o VEB do sector servicios aumentou un 3'1% no terceiro trimestre, o mesmo que no trimestre anterior. Sen embargo, este crecemento global esconde tamén comportamentos diverxentes, xa que o menor dinamismo que mostran os servicios de mercado contrasta co ton expansivo que continuaron mantendo os servicios non comerciais.

Dentro dos servicios de mercado obsérvanse así mesmo distintos comportamentos, xa que a melloría que rexistran os transportes, as comunicacións, o turismo e as actividades de servicios persoais contraponse ó ton deprimido do comercio.

Os indicadores de transportes presentan en efecto unha evolución máis favorable que en trimestres anteriores. O transporte aéreo de pasaxeiros aumentou un 7'2% no terceiro trimestre, case o dobre que o aumento rexistrado no segundo; despois de acadar un mínimo cíclico de crecemento en xaneiro do ano pasado, o transporte aéreo de pasaxeiros non deixou de aumentar dende entón, e o dato de setembro non implicou ningunha ruptura desta tendencia ascendente. O transporte marítimo de mercancías tamén continúa recuperándose, aínda que os seus crecementos son polo de agora negativos; en termos tendenciais, o transporte marítimo de mercancías só diminuíu un 6'5% no terceiro trimestre, cando no trimestre precedente o fixera a un ritmo do 10'2%. Pola súa parte, o crecemento do consumo de gasóleo para automoción moderouse lixeiramente no terceiro trimestre, pero en termos tendenciais continuou aumentando á elevada taxa do 18'7%.

No que se refire ás comunicacións e os servizos persoais non se dispón de indicadores directos, pero a xulgar pola evolución do emprego da EPA estas ramas de actividade continúan tendo un comportamento expansivo: o emprego nas comunicacións aumentou un 30'5% no terceiro trimestre consolidando o reponte xa observado no trimestre precedente, e o aumento do 16% que experimentou o emprego nas actividades de servizos persoais consolida tamén a favorable evolución anterior.

O turismo, pola súa parte, continuou mostrando a recuperación á que xa fixemos referencia, aínda que esta recuperación foi moito máis intensa no número de viaxeiros que no número de pernoctacións.

En cambio, a rama de comercio, tanto por xunto como polo miúdo, continuou dando mostras de debilidade no terceiro trimestre. Sen dúbida, este foi o ámbito no que o empeoramento das expectativas económicas motivado polos acontecementos do 11 de setembro tivo maior incidencia, aínda que o perfil descendente da actividade comercial xa se detectara nos trimestres anteriores.



### **3.4. MERCADO DE TRABAJO.**

O proceso de deterioro ó que está sometido o mercado de traballo dende comezos deste ano proseguiu no terceiro trimestre a pesar da notable redución – moi por riba da media española – que experimentou a taxa de paro. Este deterioro, que se manifesta tanto no menor crecemento do emprego como no descenso da poboación activa, é reflexo en gran parte do menor crecemento da actividade económica, aínda que é probable que estea recollendo tamén o impacto negativo do forte reponte – tamén a un ritmo moi superior ó promedio español – que experimentaron os custos salariais reais en Galicia ó longo dos últimos trimestres.

De acordo coas cifras da EPA, no terceiro trimestre había en Galicia 1.143.700 persoas activas e 999.900 persoas ocupadas, polo que a cifra de paro estaba situada en 143.800 persoas e a taxa de paro sobre a poboación activa no 12'6%. En termos de variacións interanuais absolutas, a poboación activa diminuíu en 25.600 persoas, a poboación ocupada diminuíu en 700, e o paro reduciuse consecuentemente en 25.000 persoas, mentres que a taxa de paro sobre a poboación activa descendeu en 1'9 puntos porcentuais. Estes valores correspóndense en termos relativos cunha redución do 2'2% na poboación activa, do 0'1% na poboación ocupada, e do 14'8% no número de parados.


A diminución do 2'2% que experimentou a poboación activa – o maior descenso interanual dende mediados de 1995 – reproduce a pauta descendente da ocupación, e pon de releve o empeoramento das perspectivas de emprego como consecuencia do cambio da conxuntura do mercado de traballo. Certamente, o descenso foi cuantitativamente maior que o que podería esperarse á vista da evolución real que seguramente está tendo a ocupación, pero dende un punto de vista cualitativo reflicte de xeito inequívoco o deterioro do clima laboral.

O descenso do 0'1% que rexistrou a ocupación responde sen dúbida ós motivos anteriormente sinalados, pero está tamén distorsionado á alza pola forte redución – nada menos que un 17'2%, case 30.000 persoas – que experimentou a ocupación no sector primario. En efecto, o emprego non primario, unha magnitude moito máis representativa dende o punto de vista da evolución da conxuntura que o emprego total, aumentou en máis de 30.000 persoas no terceiro trimestre, cifra que equivale a un incremento interanual do 3'7% e que supón un reponte sobre o crecemento promedio desta magnitude nos dous primeiros trimestres.

Finalmente, o forte descenso do paro a unha taxa interanual próxima ó 15% reflicte exclusivamente a diminución que experimentou a poboación activa, xa que o emprego tamén se reduciu lixeiramente. Dende esta perspectiva, a diminución observada na cifra de parados ten sen dúbida un carácter máis ocasional que permanente, e o

normal é que o ritmo de redución do paro se minore substancialmente nos próximos trimestres.

Segundo os rexistros de afiliacións da Seguridade Social, o deterioro do mercado de traballo é moito menos drástico, aínda que tamén significativo. En efecto, a taxa interanual de crecementos das afiliacións situouse no 2'6% no terceiro trimestre, cifra só inferior nunha décima á do trimestre precedente pero moi inferior ás que en promedio viñan rexistrándose o ano pasado. Se consideramos exclusivamente as afiliacións non agrarias, a correspondente taxa de crecemento interanual mantense no 3'6%, un nivel que non supón ningún deterioro adicional con respecto ó que xa se acadara no trimestre precedente pero que supón así mesmo unha caída apreciable sobre as taxas vixentes cando a situación do mercado de traballo era máis expansiva.



A relativa estabilización observada no ritmo de crecemento das afiliacións entre o segundo e o terceiro trimestre non se trasladou integramente ó paro rexistrado, xa que o ritmo de descenso desta magnitude incrementouse lixeiramente no trimestre que comentamos. No terceiro trimestre, o paro rexistrado diminuíu en efecto a unha taxa promedio do 3'2%, cando no segundo xa o fixera a un ritmo do 2'2%. A diferenza é en cambio moi pouco significativa, e dela non pode inferirse en modo algún, como tamén ocorría coas cifras de paro da EPA, que a situación do mercado de traballo experimentara unha melloría importante.

### **3.5. SALARIOS E PREZOS.**

En materia de prezos e salarios, o terceiro trimestre caracterizouse fundamentalmente pola redución que experimentaron as tensións inflacionistas, así como por unha certa estabilización dos ritmos de crecemento dos salarios en torno a uns niveis que deben considerarse elevados en función das novas circunstancias que dominan o panorama económico interior e internacional. Como consecuencia disto, e tal como xa apuntamos no capítulo correspondente á demanda interna, os salarios reais aumentaron de xeito significativo no terceiro trimestre, un feito que a curto prazo está contribuíndo a conter a caída do consumo pero que a un prazo máis longo pode ter repercusións negativas sobre a demanda de traballo.


No terceiro trimestre, o IPC de Galicia aumentou un 0'7% con respecto ó trimestre precedente, o que permitiu que a taxa interanual de inflación descendera dende o 3'9% ata o 3'5% e que a inflación galega puidera manterse, aínda que o diferencial se estreitara ata tan só -0'1 puntos porcentuais, por debaixo da media española. Esta favorable evolución da inflación debeuse sobre todo ó bo comportamento que mostraron algúns grupos concretos do compoñente Non alimentación do IPC e en particular os do Transporte e as Telecomunicacións, xa que tanto o compoñente Alimentación do índice como o conxunto dos elementos que interveñen na "inflación subxacente" continuaron mostrando aínda unha tendencia claramente alcista.

O IPC de Alimentación aumentou un 1'5% sobre o trimestre precedente, polo que a taxa interanual de crecemento deste compoñente subiu case un punto ó pasar dende o 5% ata o 5'9% e o diferencial con España – ata hai pouco moi favorable para Galicia - reduciuse substancialmente ó quedar situado en tan só -0'1 puntos porcentuais.


O grupo de Alimentación e bebidas non alcohólicas foi, dentro do compoñente de Alimentación, o que tivo un comportamento máis adverso no terceiro trimestre. En efecto, o índice de prezos do grupo aumentou un 1'7% sobre o trimestre anterior, cifra que fai repontar a taxa interanual ata un nivel do 6'7% e que por primeira vez en dous anos sitúa a inflación deste grupo por riba da media española. Dentro deste grupo do IPC, os maiores aumentos de prezos, medidos pola correspondente taxa interanual de crecemento, continuaron correspondendo á pataca e os seus preparados (+22'3%), a carne de porco(+21'5%), a carne de ave(+16%), os crustáceos, moluscos e preparados de pescado(+12'4%), a carne de ovino(+11'5%) e o leite(+10'6%), se ben a maioría dos prezos dos artigos que interveñen no grupo que comentamos experimentaron así mesmo crecementos moi significativos. O grupo de Bebidas alcohólicas e tabaco tivo, polo contrario, un comportamento moito máis temperado. O crecemento sobre o trimestre precedente foi neste caso do 0'8%, e a taxa interanual mantense no entorno do 2% mentres que o diferencial con España permanece así mesmo situado en niveis da orde do -1%.

O favorable comportamento do compoñente Non alimentación do IPC, ó que nos referimos anteriormente, apoiouse sobre todo na excelente evolución que tiveron os grupos de Transporte e Comunicacions – onde os prezos experimentaron unha reducións significativa con respecto ó trimestre precedente – e na forte desaceleración observada no ritmo de crecemento intertrimestral dos prezos do Vestido e o calzado, a Vivenda, o Enxoval e os servicios para o fogar e a Medicina e a conservación da saúde, comportamentos que se viron parcialmente contrarrestados polo novo reponte que rexistraron os prezos dos restantes grupos. En conxunto, o compoñente Non alimentación do IPC só rexistrou un aumento do 0'5% no terceiro trimestre, o que permitiu que a taxa interanual de crecemento descendera dende o 3'6 ata o 2'7% deixando situado o diferencial con España en -0'2 puntos porcentuais. Non obstante, a inflación subxacente volveu a repontar, e a súa taxa interanual de crecemento elevouse dende o 3'2 ata o 3'3% aínda que o diferencial con España quedara tamén situado en -0'2 puntos a favor de Galicia.

**IPC ALIMENTACIÓN E BEBIDAS NON ALCOHÓLICAS.**  
Variacións interanuais



**IPC NON ALIMENTACIÓN.**  
Variacións interanuais



Dentro do compoñente Non alimentación, os prezos do grupo Transporte experimentaron un descenso do 1% con respecto ó trimestre precedente, o que sitúa a súa taxa interanual de crecemento nun modesto 0'4%. Hai aproximadamente un ano, a taxa interanual de crecemento deste grupo superaba o 7% e o seu rápido descenso nos últimos meses é atribuíble á redución nos prezos dos produtos enerxéticos e dos combustibles e carburantes, como consecuencia á súa vez da diminución dos prezos do petróleo dende un nivel superior ós 30 dólares o barril ata os niveis da orde dos 20-22 dólares o barril nos que ditos prezos se encontran estabilizados tralos sucesos do 11 de setembro.

Os prezos do grupo Comunicacions rexistraron así mesmo un descenso intertrimestral do -0'3%, polo que a correspondente taxa de crecemento interanual entra de novo na zona de crecementos negativos ó quedar situada no -0'9%. Esta evolución reflicte o impacto da crecente competencia en telecomunicacións, un proceso que debe continuar exercendo un impacto favorable sobre os prezos nos próximos meses.

As taxas de crecemento intertrimestral dos prezos do Vestido e calzado, a Vivenda, o Enxoval e os servicios para o fogar e a Medicina e a conservación da saúde desaceleráronse notablemente no terceiro trimestre, aínda que o seu impacto sobre a taxa interanual foi diverso. A taxa interanual de crecemento do grupo Vestido e calzado incrementouse lixeiramente dende o 2'5% ata o 2'6%, e o mesmo ocorreu coa correspondente ó Enxoval e os servicios para o fogar –



que pasa do 3'2 ó 3'4% - e a Medicina e a conservación da saúde – que se eleva dende o 1'6 ata o 1'7% -, mentres que a da Vivenda descendeu case un punto ó pasar dende o 4'7% no segundo trimestre ata o 3'8% no terceiro. Ó contemplar a evolución das taxas interanuais ó longo do último ano obsérvase, non obstante, un claro perfil descendente nos prezos da Vivenda e da Medicina e a conservación da saúde, mentres que a resistencia á baixa é notoria no caso do Enxoval e os servicios para o fogar e, sobre todo, do Vestido e calzado.

Polo contrario, a taxa intertrimestral de crecemento dos prezos acelerouse de xeito notable nos grupos de Ocio e cultura, Ensino, no grupo Outros e no de Hoteis, cafés e restaurantes, se ben con repercusións tamén moi diferenciadas sobre a correspondente taxa interanual. No caso do Ocio e cultura, o Ensino e o grupo Outros, a taxa interanual de crecemento experimentou un descenso con respecto á do primeiro trimestre – dende o 5'2 ata o 2'7% no grupo Cultura, dende o 5'7 ata o 4'9% no grupo Ensino e dende o 4'9 ata o 4'5% no grupo Outros -, mentres que polo contrario volveu a repontar nos Hoteis, cafés e restaurantes ata un nivel do 4'6%. Se contemplamos a evolución da taxa interanual de crecemento dos prezos ó longo do último ano, o grupo de Hoteis, cafés e restaurantes é agora, xunto co de Ensino, o que veu mostrando ata moi recentemente unha maior resistencia á baixa, xa que tanto o grupo de Cultura como o de Outros presentan un mellor comportamento.

**IPC. TAXAS DE VARIACIÓN INTERANUAIS SOBRE MEDIAS TRIMESTRAIS.**


3º trimestre de 2001 sobre 3º trimestre de 2000.

<b>Alimentos, bebidas e tabaco</b>		<b>Non alimentación</b>	
Pataca e os seus preparados	22.3%	Publicacións	7.9%
Carne de porco	21.5%	Libros, periódicos e revistas	7.9%
Carne de ave	16.0%	Esparcimento	7.6%
Crustáceos, moluscos e preparados de peixe	12.4%	Ensino	7.6%
Carne de ovino	11.5%	Transporte público interurbano	7.4%
Leite	10.6%	Servicios de transporte	6.1%
Outras carnes	8.8%	Calzado de home	5.1%
Hortalizas frescas	7.0%	Vivendas en alugueiro	5.0%
Peixe fresco e conxelado	6.3%	Servicio doméstico	4.7%
Froitas frescas	5.2%	Reparación do calzado	4.7%

**Fonte: INE**

En liñas xerais, pode afirmarse que a inflación galega experimentou unha sensible mellora no terceiro trimestre, xa que o bo comportamento dos grupos de Transportes e Comunicacions – motivado por causas moi concretas e definidas como a estabilidade dos prezos do petróleo e a forte competencia en telecomunicacións – está sendo acompañado polo doutros grupos que comezan a notar o impacto da forte desaceleración que está experimentando a demanda global. Non obstante, é importante sinalar que os grupos de prezos que interveñen na inflación subxacente mostraron no terceiro trimestre unha forte resistencia á baixa, un fenómeno que continuou

observándose en outubro e novembro a pesar da notable redución que registrou a inflación en ditos meses, esta permanencia da resistencia á baixa constitúe unha importante ameaza para a capacidade competitiva da economía galega.



Polo que se refire ós salarios, os datos máis recentes parecen indicar unha aproximación dos ritmos de crecemento salarial cara ós niveis que poden considerarse adecuados á vista tanto da redución da inflación como das novas circunstancias imperantes na economía internacional.

O incremento salarial pactado nos convenios colectivos, non experimentou certamente variacións substanciais, xa que o crecemento pactado ata setembro – un 3'79% - case descendeu unha décima con respecto ó crecemento do 3'87% pactado ata xuño. Sen embargo, os resultados da enquisa sobre Costes Laborales

correspondentes ó terceiro trimestre reflicten unha evolución descendente que rompe a traxectoria crecente anterior tanto no que se refire ó custo salarial por persoa como ó custo salarial por hora traballada. No primeiro caso, o custo salarial reduciuse en 1'2 puntos, pasando do 4'0% ó 2'8% mentres que no segundo reduciuse 1'9 puntos porcentuais ó descender dende o 4'4% do segundo trimestre ata o 2'5% do terceiro. O custo salarial, tanto por persoa como por hora de traballo, pasou así a crecer en Galicia por debaixo da media nacional, cando nos dous primeiros trimestres fixérao significativamente por riba.

### 3.6. RESUME E PRESPECTIVAS

#### RESUME.

No marco do notable empeoramento da actividade económica mundial, e en paralelo coa perda de dinamismo que tamén experimenta a economía española, o crecemento da economía galega volveu a reducirse no terceiro trimestre, se ben cunha intensidade inferior á do trimestre precedente. Seguindo a pauta marcada polo menor dinamismo da demanda global, o crecemento do PIB situouse no 2'7%, cifra inferior en dúas décimas ó correspondente ó segundo trimestre aínda superior nunha décima ó que rexistrou a economía española no período que comentamos. Como era de esperar, a redución do ritmo de crecemento económico afectou negativamente ó emprego, mentres que, polo contrario, a inflación comezou a dar claras mostras de mellora que se consolidaron nos meses seguintes. A poboación ocupada total experimentou un descenso do 0'1%, aínda que o feito de que a poboación ocupada non agraria aumentara aínda a unha taxa do 3'7% poñen de manifesto, como tamén o corrobora a evolución das afiliacións á Seguridade Social, que o deterioro do mercado laboral se está producindo dun xeito algo máis compasado. Pola súa parte, a inflación descendeu dende o 3'9% do segundo trimestre ata o 3'5% no terceiro, marcando unha tendencia descendente como consecuencia da favorable evolución dos prezos da enerxía. Estes, en síntese, son os aspectos máis relevantes da evolución da economía galega no terceiro trimestre, un período no que o proceso de converxencia con España volveu a restablecerse

mentres que con Europa mantense a intensa traxectoria de aproximación que caracterizou a súa evolución ó longo dos últimos anos.

Dende a perspectiva de demanda, o proceso de desaceleración proseguiu así mesmo durante o terceiro trimestre, sen que se detecten cambios importantes con respecto ás tendencias anteriores no que se refire á contribución ó crecemento da demanda interna e exterior. No que atinxe ó sector exterior, o ton de debilidade permanece a pesar do lixeiro reponte que experimentaron as exportacións e as importacións e da moderada recuperación do turismo. Polo que se refire á demanda interna, os aspectos máis destacables son a estabilidade que continúa mostrando o consumo privado, a recuperación que está experimentando o investimento público, e o ton deprimido que se advirte no investimento en equipo, que se superpón á tendencia descendente que presenta o investimento en construción. A relativa fortaleza do consumo apoiase no reponte que experimentou a renda salarial real, xa que no terceiro trimestre a redución da inflación en medio punto porcentual permitiu que se incrementara o poder adquisitivo en maior medida que no trimestre precedente. A recuperación do investimento público constitúe un dos aspectos máis positivos da evolución recente da economía galega; de momento, esta recuperación está sendo modesta, pero o forte crecemento que experimentou a licitación oficial en meses recentes anticipa unha intensificación da mesma ó longo deste ano. O investimento en vivenda rexistrou unha acusada desaceleración, e o investimento en construción non residencial está tamén perdendo forza a un ritmo aínda máis rápido. Polo que se refire

ó investimento en equipo, todo parece indicar que este compoñente da demanda continúa atravesando en conxunto unha fase contractiva, aínda que cun grado de intensidade probablemente inferior ó que se observa no conxunto do estado.

Seguindo a pauta marcada pola demanda global, e en consonancia co perfil que mostra tamén a conxuntura económica española, o PIB da economía galega creceu a unha taxa interanual do 2'7% no terceiro trimestre, o que supón unha nova desaceleración con respecto ó crecemento acadado nos dous primeiros. En termos de VEB, o crecemento situouse no 2'9% como consecuencia dun crecemento do 1% no sector primario, do 2'4% na industria, do 4% na construción e do 3'1% no sector servicios. Analizando a evolución agregada do PIB dende unha perspectiva temporal, constátase sen embargo unha clara ralentización no proceso de desaceleración da economía galega, xa que a caída no ritmo de crecemento do PIB, que tivo lugar a razón de case catro décimas en promedio nos dous primeiros trimestres, quedou reducida a dúas décimas no terceiro. Dende unha perspectiva máis detallada da oferta, a contención sinalada no proceso de desaceleración foi debida ó novo reponte da actividade productiva primaria, ó ton fortemente expansivo das ramas non enerxéticas – fundamentalmente das industrias Transformadoras dos metais e mecánica de precisión – dentro do sector industrial, á mellora observada na construción pública dentro do sector da construción, e ó bo comportamento dos transportes, as comunicacións, o turismo e os servicios non comerciais dentro do sector servicios, xa que a produción de enerxía no primeiro caso, a construción privada residencial e non residencial no segundo, e as actividades

relacionadas co comercio por xunto e polo miúdo no terceiro, mantiveron unha tendencia máis contractiva.

O proceso de deterioro ó que está sometido o mercado de traballo dende comezos deste ano proseguiu no terceiro trimestre a pesar da notable redución – moi por enriba da media española – que experimentou a taxa de paro. Este deterioro, que se manifesta tanto no descenso da poboación activa como no menor crecemento do emprego, responde en gran parte ó menor crecemento da actividade económica, pero é probable que estea recollendo tamén o impacto negativo do forte reponte – a un ritmo así mesmo moi superior ó promedio español – que experimentaron os custos salariais reais en Galicia ó longo dos últimos trimestres. De acordo coas cifras da EPA, no terceiro trimestre había en Galicia 1.143.700 persoas activas e 999.900 persoas ocupadas, polo que a cifra de paro estaba situada en 143.800 persoas e a taxa de paro sobre a poboación activa no 12'6%. En termos relativos, estas cifras implican unha redución do 2'2% na poboación activa, do 0'1% na poboación ocupada, e do 14'8% no número de parados, aínda que convén por de manifesto que a redución observada na ocupación está notablemente influída pola forte caída – nada menos que un 17'2%, case 30.000 persoas – que experimentou o emprego no sector agrario. Segundo os rexistros de afiliacións á Seguridade Social, o deterioro do mercado de traballo é moito menos drástico, aínda que tamén significativo. En efecto, a taxa interanual de crecemento das afiliacións situouse no 2'6% no terceiro trimestre, cifra só inferior nunha décima á do trimestre precedente pero bastante inferior ás que en promedio viñan rexistrándose o ano pasado.



En materia de prezos e salarios, o terceiro trimestre caracterizouse fundamentalmente pola redución que experimentaron as tensións inflacionistas, así como por unha certa aproximación dos ritmos de crecemento dos salarios cara ós niveis que deben considerarse adecuados en función das novas circunstancias que dominan o panorama económico interior e internacional. No terceiro trimestre, o IPC de Galicia aumentou un 0'7% con respecto ó trimestre precedente, o que permitiu que a taxa interanual da inflación galega descendera dende o 3'9% ata o 3'5% e puidera manterse lixeiramente por debaixo da media española. Esta favorable evolución da inflación debeuse sobre todo ó bo comportamento que mostraron algúns grupos concretos do compoñente Non alimentación do IPC e en particular os de Transporte e as telecomunicacións, xa que tanto o compoñente Alimentación do índice como o conxunto dos elementos que interveñen na "inflación subxacente" continuaron mostrando aínda unha tendencia claramente alcista. Polo que se refire á evolución dos salarios, os datos máis recentes parecen indicar unha aproximación dos ritmos de crecemento salarial cara ós niveis que poden considerarse adecuados tendo en conta tanto a redución da inflación como as novas circunstancias imperantes na escena económica internacional. Aínda que o incremento salarial pactado en convenios case non sufriu modificacións, o custo salarial, tanto por persoa como por hora traballada, experimentou en efecto unha redución significativa con respecto ós niveis prevalecentes no segundo trimestre.

## PERSPECTIVAS

	FORTE	PERÍODO	DATO DO TRIMESTRE	% VARIACIÓN SOBRE IGUAL PERÍODO ANO ANTERIOR	% VARIACIÓN ACUMULADA NO QUE VAI DE ANO
<b>1. SECTOR EXTERIOR</b>					
EXPORTACIÓNS (Millóns de euros correntes)	IGE	III Trim. 01	728 <sup>(1)</sup>	14.1	12.3
IMPORTACIÓNS (Millóns de euros correntes)	IGE	III Trim. 01	739 <sup>(1)</sup>	7.6	8.0
SALDO COMERCIAL (Millóns de euros correntes)	IGE	III Trim. 01	-12 <sup>(1)</sup>		
<b>2. DEMANDA INTERNA</b>					
RENDA SALARIAL REAL	IGE	III Trim. 01	4.1	0.6 <sup>(2)</sup>	0.8 <sup>(2)</sup>
UTILIZACIÓN CAPACIDADE B. CONSUMO (%)	MINER	III Trim. 01	81.9	4.2 <sup>(2)</sup>	2.4 <sup>(2)</sup>
MATRICULACIÓN DE TURISMOS (Nº unidades)	DGT	III Trim. 01	6442 <sup>(1)</sup>	2.3	-2.3
MATRICULACIÓN DE VEHÍCULOS DE CARGA (Nº unidades)	DGT	III Trim. 01	972 <sup>(1)</sup>	-3.4	-11.5
UTILIZACIÓN CAPACIDADE B. INVESTIMENTO (%)	MINER	III Trim. 01	73.4	17.5 <sup>(2)</sup>	12.9 <sup>(2)</sup>
VIVENDAS A CONSTRUIR (Nº vivendas)	IGE	II Trim. 01	1807 <sup>(1)</sup>	-41.1	-25.8
LICITACIÓN OFICIAL. OBRA CIVIL (Millóns de euros correntes)	FOMENTO	III Trim. 01	74 <sup>(1)</sup>	217.9	76.3
CLIMA INDUSTRIAL B. CONSUMO (%)	MINER	III Trim. 01	16.3	12.1 <sup>(2)</sup>	9.8 <sup>(2)</sup>
ACCESIBILIDADE Á VIVENDA	IGE	III Trim. 01	39.9	1.3 <sup>(2)</sup>	3.7 <sup>(2)</sup>
EDIFICACIÓN NON RESIDENCIAL (Miles de m <sup>2</sup> a construír)	IGE	II Trim. 01	70 <sup>(1)</sup>	81.7	36.8
<b>3. PRODUCCIÓN</b>					
ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL DE GALICIA	IGE	III Trim. 01	157	7.7	6.3
CLIMA INDUSTRIAL. TOTAL INDUSTRIA (%)	MINER	III Trim. 01	0.7 <sup>(1)</sup>	-1.0 <sup>(2)</sup>	4.1 <sup>(2)</sup>
UTILIZACIÓN CAPACIDADE. TOTAL INDUSTRIA (%)	MINER	III Trim. 01	77.6	4.8 <sup>(2)</sup>	4.0 <sup>(2)</sup>
POBOACIÓN OCUPADA INDUSTRIA EPA (Miles de persoas)	INE	III Trim. 01	195.6	11.8	8.6
CONSUMO APARENTE DE CEMENTO (Miles de TM)	OFICEMEN	XUL-AGO 0	259.8 <sup>(1)</sup>	14.2 <sup>(P)</sup>	4.7 <sup>(P)</sup>
POBOACIÓN OCUPADA CONSTRUCCIÓN EPA (Miles de persoas)	INE	III Trim. 01	118.5	-1.6	-0.9
Nº VIAXEIROS EN ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS (Miles de persoas)	IGE	III Trim. 01	457 <sup>(1)</sup>	2.0	1.7
Nº PERNOCTACIÓNS EN ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS (Miles de pernoct.)	IGE	III Trim. 01	814 <sup>(1)</sup>	-2.2	-3.2
POBOACIÓN OCUPADA SERVICIOS EPA (Miles de persoas)	INE	III Trim. 01	536.4	2.2	1.3
TRÁFICO MARÍTIMO DE MERCADORÍAS (Miles de TM)	PUERTOS DEL ESTAD	III Trim. 01	2233 <sup>(1)</sup>	3.9	-6.2
TRANSPORTE AÉREO DE PASAXEIROS (Miles de persoas)	M. FOMENTO	III Trim. 01	275.0 <sup>(1)</sup>	7.2	4.5
POBOACIÓN OCUPADA AGRARIA EPA (Miles de persoas)	INE	III Trim. 01	149.4	-17.2	-10.6
<b>4. MERCADO DE TRABALLO</b>					
POBOACIÓN ACTIVA EPA (Miles de persoas)	INE	III Trim. 01	1143.7	-2.2	-0.9
POBOACIÓN OCUPADA. NON AGRARIO. EPA (Miles de persoas)	INE	III Trim. 01	850.5	3.7	2.5
POBOACIÓN OCUPADA TOTAL. EPA (Miles de persoas)	INE	III Trim. 01	999.9	-0.1	0.2
AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL (Miles de persoas)	MTAS	III Trim. 01	920.9	2.6	2.7
POBOACIÓN PARADA. EPA (Miles de persoas)	INE	III Trim. 01	143.8	-14.8	-7.0
TAXA DE PARO. EPA (%)	INE	III Trim. 01	12.6	-1.9 <sup>(2)</sup>	-0.9 <sup>(2)</sup>
PARO REXISTRADO (Miles de persoas)	MTAS	III Trim. 01	139.4 <sup>(1)</sup>	11.4	4.2
<b>5. SALARIOS E PREZOS</b>					
CUSTO SALARIAL POR TRABALLADOR (Euros)	INE	III Trim. 01	1205.6	2.8	
INCREMENTO SALARIAL PACTADO EN CONVENIO (%)	MTAS	III Trim. 01	3.8	0.6 <sup>(2)</sup>	0.8 <sup>(2)</sup>
IPC	INE	III Trim. 01	137.4 <sup>(1)</sup>	3.5	3.7
IPC ALIMENTACIÓN	INE	III Trim. 01	134.5 <sup>(1)</sup>	5.9	4.8
IPC NON ALIMENTACIÓN	INE	III Trim. 01	138.5 <sup>(1)</sup>	2.7	3.3

(1) Media Mensual

(2) Variación en puntos porcentuais

(P) Datos Provisionais

Despois do terceiro trimestre de 2001, a evolución dos indicadores dispoñibles foi bastante heteroxénea, contrastando o drástico empeoramento dos indicadores de opinión, sen dúbida como consecuencia do forte impacto que produciron os acontecementos do 11 de setembro, cunha contención no deterioro do sector exterior e con tendencia cara á mellora dos indicadores de gasto, rendas e prezos.

Certamente, o impacto dos acontecementos do 11 de setembro sobre os indicadores de confianza empresarial foi especialmente negativo, tal como o reflicten os resultados da Encuesta de Coyuntura Industrial. A carteira de pedidos da industria, que experimentara un importante descenso en setembro, volveu a caer fortemente en outubro, e a melloría relativa de novembro non permitiu restablecer a situación anterior. Como consecuencia diso, o clima industrial empeorou de xeito significativo nos dous meses seguintes, aínda que o empeoramento quedou practicamente circunscrito ó sector de bens de investimento.

Sen embargo, e tal como apuntamos, a evolución recente doutros indicadores non presenta signos adicionais de deterioro, senón máis ben o contrario: o indicador de renda salarial real experimentou unha forte recuperación en outubro, como consecuencia tanto do reponte observado no crecemento da afiliación asalariada como do impacto positivo da redución da inflación sobre o poder adquisitivo dos salarios; este proceso podería repetirse en novembro á vista do bo comportamento que tivo a inflación neste último mes. Os últimos

datos de matriculacións de turismos son tamén favorables, ó igual que ocorreu no conxunto do estado; en novembro, as matriculacións aumentaron un 9'3%, o que arroxa para o bimestre outubro-novembro un crecemento interanual do 5'5%. O turismo evolucionou favorablemente en outubro, xa que os aumentos observados tanto no número de viaxeiros como de pernoctacións – un 12'4 e un 4'6%, respectivamente – foron os maiores do ano; neste caso, os acontecementos do 11 de setembro parece que tiveron un efecto beneficioso sobre o turismo en Galicia. Polo demais, a evolución do emprego tampouco parece que empeorara significativamente: en outubro, o crecemento interanual das afiliacións á Seguridade Social acercouse ó promedio anual, e o ritmo de caída do paro rexistrado, se ben se reduciu, fíxoo de forma moderada. Estes impactos expansivos poderían contribuír a contrarrestar nalgunha medida o impacto contractivo do investimento en construción e un eventual empeoramento do investimento en bens de equipo e da achega do sector exterior.

Á vista destas tendencias, así como da recente evolución económica dos nosos principais mercados de exportación, estimamos que as pautas de evolución da economía galega no tramo final do ano puideron ser as seguintes:

- a) polo que se refire ó sector exterior, estimamos que a súa contribución ó crecemento se manterá relativamente estable, en liña co que tamén veu sucedendo ata o momento. No que respecta ó turismo, os datos dispoñibles confirman a continuidade da recuperación, pero a súa contribución ó crecemento

económico sería a mesma polo reducido nivel da actividade turística en Galicia durante a tempada baixa.

- b) o consumo privado debeu de manter un ton relativamente sostido no tramo final do ano, xa que a progresiva mellora da inflación contribuíu a mellorar a capacidade de compra; o reponte das cotizacións bolsistas tamén podería haber exercido unha influencia positiva, aínda que o seu impacto cuantitativo sería en calquera caso moi limitado dado o carácter incipiente da recuperación bolsista.
- c) o investimento en vivenda mantivo con toda seguridade a traxectoria descendente que caracterizou a súa evolución ó longo dos trimestres precedentes; o ciclo da construción de vivendas ten as súas propias características, e a súa fase descendente acaba de empezar.
- d) o investimento en construción non residencial continúa sometido a forzas de signo contraposto, xa que a traxectoria marcadamente descendente do investimento privado en construción non residencial compite cunha tendencia cada vez máis favorable do investimento público, tanto en edificación como en enxeñería civil; polo de agora, é probable que prevaleza o impacto contractivo, pero á vista da evolución recente da licitación oficial, que está experimentando crecementos espectaculares, o investimento público podería converterse, como xa está ocorrendo no conxunto do estado, no principal soporte da actividade constructora.

e) por último, cabe esperar que o investimento en equipo continuara sendo o compoñente máis contractivo da demanda global, xa que os acontecementos do 11 de setembro deberon de afectar, como o reflicten os resultados das enquisas de opinión ás que xa fixemos referencia, moi negativamente ás expectativas.

En conxunto, estimamos que o PIB da economía galega pode rexistrar no conxunto do ano 2001 un crecemento promedio da orde do 2'8%.

En relación ó comportamento do mercado de traballo, compre sinalar que recentemente o INE realizou cambios na Enquisa de Poboación Activa encamiñados a unha mellor medición do emprego. Fundamentalmente os devanditos cambios refírense a:

1. Aplicación de novas proxeccións de poboación que recollen o impacto da inmigración e que substitúen ás proxeccións do Censo-91.
2. Reponderación, modificando os factores de elevación de maneira que a poboación por sexo e idade calculada de cada Comunidade Autónoma se axuste ós datos de proxeccións, có fin de atenuar los efectos da falta de resposta.
3. Algunhas das medidas de busca de emprego consideradas como activas deixan de selo.

Como consecuencia de todo elo a evolución do mercado de traballo en canto ocupados é a seguinte:

	1999	2000	2001
Ocupados	988'5	1.035'4	1.062'3
<b>Taxa de variación (%)</b>	2'8%	4'7%	2'6%

De confirmarse estas cifras, o crecemento da actividade económica e do emprego suporían unha importante desaceleración con respecto ás taxas acadadas no ano 2000, aínda que en termos de PIB por habitante implicarían un lixeiro avance no proceso de converxencia con España e un novo salto adiante no proceso de converxencia coa Unión Monetaria Europea nun ano no que a conxuntura económica internacional, e en consecuencia a coxuntura dos mercados exteriores dos produtos galegos, experimentou un considerable deterioro.

## **II. SITUACIÓN MONETARIA E FINANCEIRA**




## II. SITUACIÓN MONETARIA E FINANCEIRA


### II.1. MERCADOS MONETARIOS E DE DÉBEDA

A medida que foi avanzando o ano 2001, nun contexto de empeoramento das perspectivas económicas da área do euro, de desaceleración da taxa de inflación e de recuperación do tipo de cambio do euro fronte ó dólar, o Banco Central Europeo iniciou unha senda de baixada dos tipos de intervención que acadou, ó longo do ano, os 150 puntos básicos, ata quedaren situados no 3'25% a finais do exercicio, tra-la última baixada de 50 puntos básicos levada a cabo o 8 de novembro.

**Tipos de intervención: Banco de España(BCE) e Reserva Federal(FED)**



Pola súa banda, o mercado norteamericano asistiu a unha baixada sen precedentes no tipo de intervención da Reserva Federal, nun intento de suavizar o final dun ciclo expansivo que databa de principios dos noventa. O ritmo de baixada se acelerou a partir da crise de confianza suscitada como consecuencia dos tráxicos sucesos do 11 de setembro, quedando o tipo de referencia no 1'75% ó peche do exercicio, un rexistro historicamente baixo e moi alonxado do 6% co que a Reserva Federal iniciaba o ano.



Como consecuencia das expectativas de baixada dos tipos de intervención en ambos bloques económicos, os tipos de xuro a curto prazo intensifican a senda baixista iniciada xa no último trimestre do ano 2000. Na área do euro, mantense a pendente negativa da curva de tipos ata o mes de novembro, momento a partir do cal se produce un cambio cualitativo nunha dobre vía: por unha banda, os tipos de xuro

inician unha tendencia alcista por primeira vez en 15 meses; por outra banda, a pendente da curva de xuros a curto prazo se positiviza, isto é, no seu percorrido á alza o euribor a 12 meses supera ós xuros a prazos inferiores, o que pode interpretarse como unha visión por parte dos mercados financeiros de que a senda de novas baixadas dos tipos de intervención do Banco Central Europeo pode estar chegando ó seu fin.


En definitiva, o euribor a 3 meses se reduce dende o 4'84% ata o 3'29%, isto é, en 155 puntos básicos, mentras que o euribor a 12 meses finaliza o exercicio cun rexistro de 3'34% fronte ó inicial de 4'69%, reducíndose en 135 puntos básicos cando a principios de novembro esta diminución acadaba os 170 puntos básicos. E o diferencial de tipos de xuro entre o 12 meses e o 3 meses pasou de ser negativo en 15 puntos básicos a positivizarse ata os 5 puntos básicos.

Nos primeiros días do ano 2002 asistimos á continuación do proceso de alzas nos tipos de xuro a curto prazo, especialmente no período do ano, que rexistra un diferencial positivo co tipo a 3 meses de case 30 puntos básicos.

O mercado monetario estadounidense tamén continuou a manter a senda baixista iniciada a finais de 2000, rexistrando o tipo a 3 meses datos inferiores ó 2% a finais de 2001, con baixas acumuladas no exercicio de máis de 370 puntos básicos.

Como consecuencia das maiores baixadas rexistradas tanto nos tipos de intervención como nos dos mercados de financiación a curto prazo, os tipos de xuro en Estados Unidos se sitúan por debaixo dos europeos, nun reflexo das peores expectativas de crecemento económico norteamericano fronte ó europeo.

Os tipos de xuro a longo prazo, pola contra, apenas sufren variacións de nivel entre principios e finais do 2001.




O bono español a 10 anos pasou dun 5'07% ata un 5'12%. O patrón seguido pola rentabilidade do bund alemán, similar ó bono español, reflicte sen embargo unha tendencia máis pronunciada á alza, ó pasar do 4'74% ata o 4'99% de finais de exercicio, o que conleva unha

importante redución no diferencial entre o bono e o bund, que anteriormente estaba estabilizado no redor dos 25-30 puntos básicos e que se situa no entorno dos 15 puntos básicos. Finalmente, o T-bond a dez anos, mantívose durante boa parte do exercicio cunha rentabilidade inferior á do bono español, se ben a finais de exercicio eleva a súa taxa ata o 5'15%, rexistrando no conxunto do exercicio unha suba de 11 puntos básicos.

A combinación do comportamento dos tipos de xuro a curto e longo prazo, configura unha curva cupón cero para a área euro a finais de 2001 que, en comparación coa de principios de ano, se despraza cara abaixo en case 50 puntos básicos na meirande parte dos seus tramos, sendo o desprazamento superior no período de 0 a 5 anos, onde ademáis se positiviza a pendiente dun xeito importante.


### Curva cupón cero euro



As expectativas para as variables financeiras apuntan, alomenos para os primeiros meses do ano 2002, a un mantemento da pendiente positiva e a lixeiras subas no nivel absoluto dos tipos, que pode intensificarse na segunda parte do exercicio, a medida que se vaian confirmando os datos de recuperación da economía europea. O patrón é similar para os tipos de xuro a longo prazo, se ben o perfil alcista pode anticiparse no tempo e rexistrar cambios de nivel máis significativos. Estas expectativas son compatibles coa información obtida dos tipos forward implícitos que parecen asinar, especialmente nas últimas datas, unha probabilidade crecente a que a recuperación da senda alcista no crecemento se adiante ó primeiro semestre do ano 2002 para o conxunto da Unión Europea.

## II.2. MERCADOS CAMBIARIOS

O euro principiou o ano cunha senda de depreciación fronte ó dólar, que se situou preto do 10% no conxunto do primeiro semestre de 2001. A partir de ahí, especialmente nos meses de xullo e agosto produciuse unha rápida apreciación que acadou o 8% como consecuencia, fundamentalmente, dos datos de coxuntura norteamericanos que parecían alonxar as expectativas dunha pronta recuperación económica configurando o que se ven coñecendo como unha “V”. Se registrou así un máximo de 0’927 dólares por euro no mes de setembro, momento ó partir do cal se inicia novamente unha senda de depreciación do euro, pese a que os datos fundamentais da economía estadounidense, especialmente no referido ó seu abultado déficit exterior e os diferenciais nos tipos de xuro, indicarían que a senda da apreciación debería continuar. Só nos primeiros días de xaneiro, e como consecuencia da excelente acollida que tiveron os billetes e moedas entre tódolos cidadáns europeos, se rexistraron apreciacións que, en calquera caso, se convertiron en acontecementos puntuais dentro dunha tendencia depreciatoria.



### **II.3. AGREGADOS MONETARIOS**

A evolución experimentada pola economía, tanto na vertente de tipos de xuro como na de evolución da súa actividade, determina e condiciona, en grande medida, a evolución dos agregados monetarios. Deste xeito, as baixadas rexistradas polos tipos de xuro dos mercados monetarios transmitíronse ós tipos de xuro bancarios, relevantes á hora de analiza-las decisións de inversión e aforro das empresas e familias.

En Galicia, o crédito bancario, entendendo esta concepción no sentido amplo do termo, englobando ó concedido por bancos, caixas de aforros e cooperativas de crédito, presenta, no terceiro trimestre de 2001, unha medra interanual do 11%. Esta magnitude, aínda que supón unha relativa ralentización con respecto a trimestres precedentes, consecuencia sen dúbida de novas incertezas que se atisbaban no panorama económico internacional, continúa a manter taxas de medra importantes que permite que nos últimos 12 meses o volume total de créditos medrara en 2.381 millóns de euros.


Esta evolución positiva do ano 2001 inscríbese nun cuatrienio de forte pulo económico que permite, xunto coa favorable evolución dos tipos de xuro e da confianza de familias e empresas, unha medra do 50'89% no volume total de créditos, dedicados na súa meirande parte ó financiamento de investimentos a longo prazo. Nesta magnitude, os bancos manteñen a súa supremacía no mercado, ostentando o 55'4%



da cota total do mesmo fronte ó 44'17% das caixas de aforros e o 0'38% das cooperativas de crédito. Destacar, non obstante, a favorable evolución que ó longo do ano 2001 experimentaron as caixas de aforros, gañando o 1'27% do mercado ós bancos.

### Créditos e Depositos a AA.PP. e sectores residentes

Galicia



Os depósitos bancarios tamén continúan medrando en niveis considerables. En concreto, a taxa interanual existente no mes de setembro sitúase no 9'3%

A medra acumulada nos 12 meses anteriores acadan o 2.262 millóns de euros, ata acadar unha cifra total en Galicia que supera os 27.000 millóns de euros.


No último cuatrienio a medra experimentada por esta magnitude foi de 6.681 millóns de euros, o que representa unha suba porcentual do 32'83%. Estas contías resultan importantes, sobre todo se as encadramos nunha época de tipos de xuro que se moven en niveis reducidos, e parece amosar unha volta ás preferencias tradicionais de aforro, logo de importantes turbulencias que se produciron nos mercados financeiros. No binomino rendabilidade-risco, semella que os aforradores están apostando por unha estratexia de menor risco aínda a costa dunha menor rendabilidade.

No mercado dos depósitos as caixas de aforros seguen a ser as grandes dominadoras, abosorbendo o 53'2% do mesmo, gañando, de xeito continuo ó longo do ano 2001, cota de mercado a custa dos bancos, que marcan o seu mínimo no último cuatrienio, e que quizais están apostando máis por fórmulas de aforro alternativas ós depósitos.

O tradicional diferencial positivo dos depósitos sobre os créditos en Galicia continúa reducíndose ó longo do ano 2001, dentro dunha tendencia continua e persistente nesta dirección que xa se ven dando ó longo dos últimos anos. Deste xeito, o superavit que no terceiro trimestre do ano 2001 tiñan os depósitos sobre os créditos supón tan

só o 46'3% do existente no ano 1996, e dicir, redúcese nun 53'7% nunha tendencia evolutiva clara a pesares dalgún dente de serra.

**(Créditos - Depósitos) a AA.PP. e sectores residentes**  
Galicia



Esta redución insértase ademais nun forte ciclo expansivo dos depósitos, polo que se poñemos en relación os depósitos totais co exceso de depósitos non investidos en Galicia, pásase do 32'6% en 1996 ó 11'13% no ano 2001.

Esta evolución é consecuencia da forte expansión crediticia, sustentada, como xa se indicou, nun contexto de tipos de xuro baixos e de confianza de familias e empresas.

### **III. O ORZAMENTO DO 2002: ESTRATEGIA E OBJECTIVOS BÁSICOS**

### **III. O ORZAMENTO DO 2002: ESTRATEXIA E OBXECTIVOS BÁSICOS**

#### **III.1. A ESTRATEXIA DO ORZAMENTO**

Un obxectivo que cada vez é percibido con maior nitidez consiste na necesidade de acadar un sector público máis eficaz, tanto na prestación de servicios como na instrumentación das políticas, o cal, ademais de mellorar a competitividade da nosa economía, pode liberar recursos que adicar a outras atencións.

Nesta liña resulta conveniente dispór de mecanismos e instrumentos que permitan definir e valorar, en termos de eficacia, as distintas accións do sector público o que, en certa medida, equivale, entre outras cousas, a revisar as técnicas de elaboración presupostaria.

O punto de partida para a elaboración presupostaria debe estar constituído pola identificación dun “mapa de obxectivos” que se pretenden acadar polo Goberno. Definidos os obxectivos, cómpre identificar tamén as políticas correspondentes a cada un daqueles e, en fases sucesivas, as accións e os créditos necesarios para a súa execución, producíndose, deste xeito, a ligazón entre obxectivos, medidas, accións e créditos presupostarios, dispoñendo en todo momento de indicadores sobre a eficiencia de cada medida e acción en relación ó obxectivo perseguido, isto é, de mecanismos que permitan controlar regularmente a súa execución e coñecer en qué medida se están a cumprir as previsións.

Por outra banda, é preciso profundizar na definición de fórmulas de colaboración entre os sectores público e privado, coa dobre finalidade de optimiza-los recursos financeiros dispoñibles para o financiamento de investimentos e de lograr as oportunas sinerxias de xestión.

Estes dous conceptos constituense como os piares básicos da estratexia de política económica que se reflicte nos orzamentos, que ten como criterios ordenadores a incidencia nas políticas horizontais fronte ás sectoriais e a ordenación da política económica a favor dos motores de crecemento, dentro dun obxectivo de desenvolvemento equilibrado. Isto é, avanzar cara un sector público “animador”, xerador das condicións máis axeitadas para a instalación da iniciativa privada. Un sector público que ten, nas políticas de oferta, nas chamadas políticas de ambiente, complementadas dun xeito adecuado por actuacións de carácter sectorial, un dos seus principais focos de atención.

Finalmente, o Goberno está disposto a priorizar dentro da súa política económica o concepto de sosteñibilidade, de desenvolvemento sosteñible en sentido amplo: progreso social, sosteñibilidade e uso racional dos recursos e desenvolvemento económico.

Neste contexto de estratexia presupostaria, resulta importante definir en primeiro lugar o conxunto dos recursos que deberán atribuírse ás políticas de gasto corrente, de gasto social e de contido productivo ou gastos de capital, para garantir unha distribución harmónica das

disponibilidades presupostarias, evitando sesgos na súa distribución que serían rexeitables.

Unha política de mellora permanente dos niveis de benestar que poida pór en dificultades a actividade productiva sería, máis no corto que no medio prazo, unha política inviable por carecer de base sobre a que apoiarse. A sustentabilidade destas políticas tornaríase precaria e dependería en exceso de transferencias de solidariedade doutras administracións que, obviamente, os escenarios en que nos movemos non permiten garantir indefinidamente.

Aplicar tódolos recursos disponibles ó apoio dos sectores productivos esperando que sexa o mercado quen reasigne os recursos que se xeran, equivaldría a renunciar a unha política propia do apoio ós máis débiles e de mellora social, sen a certeza de que as forzas da economía a realizasen en contía e en tempo políticamente aceptables.

Por outra parte, o gasto social mixtúrase con demasiada frecuencia co gasto corrente e se lle fai participar das connotacións pexorativas que adoitan acompañar este termo.

É certo que boa parte do gasto social é, ó mesmo tempo, gasto corrente e que, se acadan volumes moi elevados, pode pór en risco a necesaria atención do gasto de capital, ó diminuír o aforro corrente que ten que financiarlo, afirmación certamente máis válida, se nos movemos en escenarios de equilibrio presupostario.

Para ofrecer unha proposta equilibrada sobre estas cuestións cómpre analizar a distribución que resulta dos últimos exercicios presupostarios, distinguindo as políticas sociais dos demais gastos correntes.

<b>EVOLUCION GASTO CORRENTE/GASTO SOCIAL/GASTOS DE CAPITAL</b>				
	<b>94</b>	<b>Índice</b>	<b>2001</b>	<b>Índice</b>
GASTO CTE.	3.338	100	4.996	149,68
GASTO SOCIAL	2.443	100	3.799	155,49
RESTO GASTO CTE.	895	100	1.198	133,81
GASTOS CAPITAL	924	100	1.472	159,32
GASTO NO FINANC.	4.262	100	6.468	151,76

O cadro amosa que o gasto corrente medrou por debaixo do presuposto, aínda que cun desigual comportamento entre o gasto social e o resto do gasto corrente. En efecto, mentres o gasto corrente medrou cun índice do 149,68, o presuposto o fíxo ó 151,76. Nembargantes, o gasto social presenta un índice do 155,49, isto é 3,73 puntos por enriba do presuposto, o que determina que o resto do gasto corrente só pode presentar un índice do 133,81, que se alonxa en 17,95 puntos do crecemento presupostario.

A estratexia orzamentaria para este exercicio e os vindeiros consiste en manter un crecemento dos gastos correntes de carácter non social 3.5 puntos por debaixo do crecemento do orzamento, de xeito que tanto os gastos correntes de carácter social e os gastos de capital poidan manter taxas de crecemento superiores, especialmente en aquelas políticas que se consideren prioritarias.



## III. 2. O CADRO MACROECONÓMICO DE PARTIDA

O escenario macroeconómico de partida para Galicia no ano 2002 presentaría, en principio, unhas características moi semellantes ás rexistradas ó longo deste exercicio, aínda que cunha menor intensidade no crecemento

O crecemento da economía galega durante 2001 semella que pode acadar unhas taxas iguais ás que vai presentar a economía española. Este comportamento da economía galega susténtase nun crecemento do gasto en consumo final dos fogares dun 3,1%, nun incremento da formación bruta de capital do 6,7% e nunha aportación do sector exterior ó incremento do PIB do -1,1%.

Pola súa banda, a creación de emprego acadou, en termos da EPA, un 2,6%, case 27.000 empregos netos.

Así pois, de manterse a actual configuración presupostaria, e tendo en conta as previsións formuladas tanto polo noso entorno exterior, como pola economía española, as simulacións efectuadas en base ós modelos PREGAL e Galicia Século XXI, amosarían os seguintes resultados:

- Un crecemento do PIB do 2,4%
- Un crecemento do emprego do 1,7%

Desglosando este comportamento do PIB dende a óptica da demanda, se estima un crecemento do investimento inferior ó do exercicio anterior, unha ralentización no ritmo de expansión do consumo, que se situaría nun 2,6% e se mantería estable a aportación do sector exterior.

No seguinte cadro se desglosa o comportamento dos distintos compoñentes do PIB.

<b>CADRO MACROECONÓMICO DE GALICIA</b>		
	<b>2001</b>	<b>2002</b>
Gasto en consumo final dos fogares	3.1	2.6
Gasto en consumo final das AA.PP.	2.0	2.0
Formación Bruta de Capital	6.7	5.7
Exportacións	3.8	5.1
Importacións	5.5	6.3
Saldo Exterior (contribución ó crecemento do PIB)	-1.1	-1.1
PIB pm	2.8	2.4
Emprego	2.6	1.7

As simulacións aludidas manifestan que o comportamento da economía galega no 2002, de non mediar unha decidida actuación da Xunta a través dos seus orzamentos, se situaría no mesmo nivel que o crecemento da economía española (2,4%) e en taxas lixeiramente superiores de creación de emprego.

### CADRO MACROECONÓMICO DE ESPAÑA

	2002
Gasto en consumo final dos fogares	2.2
Gasto en consumo final das AA.PP.	2.0
Formación Bruta de Capital	3.3
Exportacións	4.5
Importacións	4.6
Saldo exterior (contribución ó crecemento do PIB)	-0.1
PIB pm	2.4
Emprego	1.1

Fonte: Ministerio de Economía. Actualización 7/XII/01

Diante desta situación, o presuposto da Xunta para 2002 tenta rachar con este escenario macroeconómico de partida e sentar as bases diferenciadoras para un renovado impulso cara o incremento da converxencia e a xeración de emprego.

### III.3. OBXECTIVOS BÁSICOS

Con estas estimacións non semella posible conseguir o obxectivo final de situar no horizonte do ano 2015 o PIB “per cápita” de Galicia no 90% do PIB “per cápita” de España.

É preciso, en consecuencia e de acordo coa filosofía orzamentaria sinalada, realizar unha actuación que permita mellorar as perspectivas macroeconómicas. Así, os obxectivos básicos deste orzamento son os seguintes:

- I. **Acelerar a converxencia económica.** É necesario aumentar o diferencial de crecemento con España. Así, o obxectivo é que o crecemento do PIB sexa a medio prazo medio punto superior ó crecemento español e entre 1.2 e 1.4 puntos máis que a media da Unión Europea, se nun horizonte razoable de tempo queremos acercarnos ó 90% do PIB por habitante español e o 80% do PIB europeo (Europa 15). Durante este exercicio, o diferencial de crecemento respecto da economía española se pretende situar nos 0,2 puntos porcentuais positivos, cunha senda de crecemento relativo ó longo do exercicio, a medida que vaian madurando os diferentes mecanismos de actuación contemplados coa finalidade de forza-lo ritmo de crecemento.

- II. **Estimular a creación de emprego.** Se no ano 2000, o crecemento do emprego foi importante e no 2001 finaliza cunha taxa do 2,6%, para o exercicio do 2002 é preciso adoptar medidas que permitan incrementa-la taxa inicialmente prevista do 1,7%, coa finalidade de consolidar unha senda positiva de xeración de emprego, ó mesmo tempo que deben primarse aquelas accións que axuden a que o emprego sexa estable e de calidade. Sen esquecernos de facilitar ós xóvenes a súa incorporación ó mercado laboral.

Neste senso, os obxectivos pasan pola creación de aproximadamente 22.000 novos postos de traballo (un 2% de crecemento) e lograr unha taxa de estabilidade no emprego no sector privado superior nun 1.5 puntos á media dos dous últimos exercicios.

- III. **Mellora do benestar social.** Os dous puntos anteriores non poden ser óbice para que se pretenda acadar un mellor benestar social, atendendo ás políticas en beneficio da familia e as persoas maiores, á loita contra a exclusión social e adicando unha atención especial ó colectivo de galegos emigrantes con residencia en determinadas áreas afectadas por situacións de crise.
- IV. **Sociedade da Información e novas tecnoloxías.** A dinamización da demanda de tecnoloxías de comunicación, o investimento en infraestruturas de telecomunicacións,

nun marco de competencia, así como o fomento da industria de contidos dixitais e aumentar á accesibilidade a Internet, nos poden facer avanzar na modernización do noso tecido productivo, na competitividade e a xeración de emprego estable e de calidade.

## **1. ACELERA-LA CONVERXENCIA**

O obxectivo de medrar no medio prazo medio punto por enriba da economía española e entre 1.2 e 1.4 puntos máis que a economía da Unión Europea, só será posible se se articulan unha serie de medidas de actuación decidida que possibiliten o seu logro.

De aí que o presuposto da Xunta para 2002 se propoña actuar tanto dende as políticas de demanda como dende a perspectiva da oferta, para ir sentando as bases que permitan un incremento continuado no diferencial positivo de crecemento.

A través de políticas de demanda, o que se pretende é lograr tanto un incremento do investimento –tanto público como privado-, como a redución da aportación negativa do sector exterior.

O incremento do investimento público esixe unha actuación en varios eidos:

- a) A elaboración dun Plan de Transportes e Comunicacions Estratéxico de competencia da Xunta, co que se intentaría conectar os núcleos productivos, integrar a costa coas grandes redes de comunicación e buscar a integración dos distintos sistemas de transporte.
- b) Definir a cooperación e coordinación coa Administración central e as administracións locais e provinciais.

- c) Cooperación coa iniciativa privada, creando un grupo de traballo para identificar proxectos autofinanciáveis e definindo os instrumentos de xestión.

Polo que atinxe ó apoio ó investimento privado, trátase do seguinte:

- a) Favorecer a creación de novas empresas, establecendo prioridades en función da rama de actividade, da súa localización e do emprego xerado.
- b) Ampliar a capacidade das empresas existentes, concretando o volume de apoio en función dos sectores de actividade e do emprego xerado.
- c) Mellorar a competitividade do conxunto do tecido productivo.
- d) Programa especial de captación de grandes proxectos con capacidade de arrastre.
- e) Creación de Parques Empresariais e Plataformas Loxísticas en puntos estratéxicos, que faciliten a instalación de novas empresas.

En relación coa aportación do sector exterior ó crecemento do PIB, o obxectivo consiste en reducir a aportación negativa do sector exterior, que no ano 2001 foi do -1,1%, ata situalo no -0,9% no ano 2002.

A este fin, é necesario identificar mercados e produtos potenciais nos que Galicia poida estar en condicións de competir, ó tempo que se diversifica o contido das nosas exportacións.



Dende o punto de vista das políticas de oferta, podemos centrar en catro puntos a nosa atención.

### *1. Avanzar na política de Clusters*

No PEDEGA a selección dos clusters realizouse a partir de consideracións estratéxicas, tendo en conta o grao de implantación en Galicia e a súa incidencia, directa ou indirecta, no emprego, pero especialmente polas oportunidades potenciais de ir configurando complexos ou agrupamentos de actividades interrelacionadas, que servisen para asentar as posibilidades de futuro da base industrial de Galicia.

Por eso, convén seguir profundizando no principio estratéxico de redes integradas de actividades, que impliquen cooperación interempresarial ó redor de proxectos conxuntos capaces de ir desenvolvendo unha dinámica sostida de crecemento competitivo e con proxección exterior.

Neste senso, os complexos prioritarios de actuación seguen a ser o Agro-Gandeiro, o Forestal-Madeira, o complexo Mar-Industria, o Naval, o complexo da Automoción, o de Téxtil-Confección ou o da Pizarra e Pedra Natural.

## *2. Sector turístico*

- a) Potenciar as medidas dirixidas á captación de visitantes, tanto a través do aumento da publicidade, como dos contactos con “tours operadores” ou establecendo rutas turísticas.
- b) Medidas de infraestrutura turística, aumentando a oferta hoteleira e a oferta de Turismo Rural, prestando, ademais, especial atención ó turismo de ocio e ó termalismo.
- c) Promover unha marca de calidade, á cal se poidesen acoller restaurantes, hoteles, hostais, casas de turismo rural, que garantizaran atención, calidade e prezos.

*3. Servicios avanzados a empresas, prestando apoio á externalización de determinados servicios e primando o devandito apoio, cando os servicios sexan prestados por empresas radicadas en Galicia.*

*4. Servicios de apoio ás familias, íntimamente conectado co obxectivo de mellora do benestar social.*

## 2. ESTIMULAR A CREACIÓN DE EMPREGO

Aínda que o anterior obxectivo de acelerar a converxencia, cunha previsión de crecemento de superior á da economía española, conleva de seu un incremento na xeración de emprego respecto da situación tendencial, o presuposto da Xunta para o ano 2002 non se contenta só con esa realidade.

De feito, o que se trata é de incrementar, aínda máis, eses niveis de creación de emprego a través de varias medidas que potencien o mercado laboral. Así, o que se pretende é:

- a) Avanzar as medidas que permitan que, ó final da presente lexislatura, tódolos xóvenes con máis de seis meses en paro, dispoñan dun contrato laboral dun ano de duración.
- b) Condicionar os apoios ás empresas definidos no obxectivo anterior a unha xeración de emprego estable e cunha dimensión maior ca que se deduce das ratios de investimento/creación de emprego, contidas nos modelos PREGAL e Galicia Século XXI.
- c) Redefinir os incentivos á estabilidade no emprego.
- e) Definir un plan de formación laboral integrada.

### **3. MELLORA DO BENESTAR SOCIAL**

Dentro deste apartado, compre distinguir varios eidos de actuación.

1. En relación á política familiar, as accións a desenvolver son as seguintes:
  1. Axudas fiscais ás familias con fillos.
  2. Construcción de novas garderías que axuden á conciliación da vida familiar e laboral. O obxectivo sería dispór dunha oferta de 20.000 plazas ó remate da lexislatura.
  3. Políticas de acceso á vivenda para os xóvenes, que favoreza, xunto coa súa inserción no mercado laboral, a constitución de novos núcleos familiares.
2. Loita contra a exclusión social e a pobreza, prestando especial atención ás persoas sen fogar.
3. Plan Galego das Persoas Maiores, prestando especial atención ó Plan de Intervención Social dos Maiores no Medio Rural, potenciando o programa de acollida familiar, tendo como obxectivo acadar 400 novas acollidas no ano 2002; concertando novas plazas residenciais no medio rural; e avanzando na figura das vivendas comunitarias, definíndose estes últimos en concertación coa iniciativa privada.
4. Emigración, favorecendo o retorno dos xóvenes para a súa incorporación ó mercado laboral, así como a creación dunha Fundación, que tería por obxecto canalizar tódalas actuacións tendentes a mellorar a situación dos emigrantes.

#### 4. SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E NOVAS TECNOLOXÍAS

A xeneralización das novas tecnoloxías da información e os investimentos en Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+I), tanto de carácter público como privado, non son só un obxectivo nos nosos días; pasan a ser un auténtico e imprescindible instrumento de tódolos órdenes da vida, dende a educación, a difusión da cultura, pasando pola organización da vida diaria e a competitividade das empresas.

Deste xeito, as prioridades da actuación presupostaria na tarefa do Goberno pasan por promover a Sociedade da Información, mellorando as condicións de acceso a internet e consolidar o sector audiovisual. Se pretende lograr o obxectivo na presente lexislatura chegar á media nacional de utilización de Internet nos fogares e poñer en marcha un plan piloto de acceso a Internet no medio rural.

Por outra banda, a plena implantación da economía do coñecemento constitúe un gran obxectivo imprescindible para un desenvolvemento sostible. O proceso da innovación baseada no coñecemento é unha peza clave na competitividade empresarial. De aí a importancia de pular polo desenvolvemento dun sistema Ciencia/Tecnoloxía/Empresa, que tería os seguintes obxectivos:

1. Incrementar os recursos humanos adicados a I+D, en 550 persoas, entre o sistema público e as empresas.

2. Potenciar a transferencia de tecnoloxía do sistema público de I+D ó tecido empresarial, duplicando o número actual de proxectos empresariais executados polo sistema público de I+D.
3. Potenciar o entorno tecnolóxico, aumentando o número de proxectos de I+D consorciados, ata un mínimo de 20 anuais, así como aumentar o número de proxectos empresariais executados polos centros tecnolóxicos ata 20 anuais, como mínimo.
4. Impulsar a participación empresarial, en especial das Pemes, nas actividades de I+D+I, ata elevar ó 50% a compoñente empresarial no gasto en I+D, así como incrementar o número de proxectos empresariais ata un mínimo de 400 anuais.
5. Todas estas actuacións vencelladas á economía do coñecemento instrumentaríanse a través do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica.

### III.4. EVOLUCIÓN DE INGRESOS E GASTOS

PRESUPOSTO CONSOLIDADO 2001/2002 (*)			
	2001	2002	Crec.
<b>INGRESOS</b>			
Ingresos correntes	5.835.473,5	6.260.460,0	7,28%
Ingresos de capital	691.320,2	719.092,2	4,02%
<b>INGRESOS NON FINANCEIROS</b>	<b>6.526.793,7</b>	<b>6.979.552,2</b>	<b>6,94%</b>
<b>GASTOS</b>			
Gastos correntes	4.995.152,2	5.315.473,2	6,41%
Gastos de capital	1.472.836,1	1.583.956,6	7,54%
<b>GASTOS NON FINANCEIROS</b>	<b>6.467.988,3</b>	<b>6.899.429,8</b>	<b>6,67%</b>

(\*) En miles de euros.

O total de ingresos non financeiros evoluciona a unha taxa do 6.94% respecto do ano 2001, destacando o incremento dos ingresos correntes nun 7.28%.

Pola súa banda, o crecemento dos gastos non financeiros alcanza o 6.67%, como resultado dun incremento do 6.41% nos gastos correntes e dun 7.54% nos gastos de capital -un total de 111 millóns de euros-.

En termos absolutos, os ingresos correntes medran en 425 millóns de euros, namentres que os gastos correntes o fan en 320 millóns, de xeito que co incremento que se produce no aforro corrente se poden


financiar o crecemento diferencial que rexistran os gastos de capital fronte ós ingresos.

<b>AFORRO BRUTO 2001/2002 (*)</b>			
	<b>2001</b>	<b>2002</b>	<b>Crec.</b>
Ingresos correntes	5.835.474	6.260.460	7,28%
Gastos correntes	4.995.152	5.315.473	6,41%
<b>AFORRO BRUTO</b>	<b>840.321</b>	<b>944.987</b>	<b>12,46%</b>

**(\*) En miles de euros**

Deste xeito, o aforro corrente se situa en 944.9 millóns de euros, rexistrando un crecemento importante con respecto ó presuposto do 2001, dun 12.46% e consolidando a tendencia de crecemento importante que se ven dando dende hai xa bastantes anos.

### **Evolución do aforro bruto** (Millóns de euros)





Pola sua banda, a variación neta de activos financeiros acada a cifra de 80 millóns de euros, mentres que a de pasivos financeiros será igual a cero, polo que o volume de débeda se manterá na mesma cantidade que a finais de 2000 e de 2001. Isto é compatible con que ó longo do exercicio se leven a cabo operacións de reestruturación da débeda coa finalidade de adecua-la súa estrutura ás condicións de mercado e en función das expectativas futuras de evolución dos xuros.

A continuación, se presenta dun xeito resumido as contas presupostarias para 2002.

<b>CONTA PRESUPOSTARIA 2002</b>			
	<b>2001</b>	<b>2002</b>	<b>Crec.</b>
Ingresos non financeiros	6.526.793,7	6.979.552,2	6,94%
Gastos non financeiros	6.467.988,3	6.899.429,8	6,67%
<b>DEFICIT/SUPERAVIT NON FINANCIERO</b>	<b>58.805,4</b>	<b>80.122,4</b>	<b>36,25%</b>
Ingresos financeiros	231.744,3	217.612,7	-6,10%
Ingresos por activos financeiros	16.221,3	6.665,1	-58,91%
Ingresos por pasivos financeiros	215.522,9	210.947,6	-2,12%
Gastos financeiros	290.549,7	297.735,1	2,47%
Gastos por activos financeiros	75.026,7	86.787,5	15,68%
Gastos por pasivos financeiros	215.522,9	210.947,6	-2,12%
<b>Variación neta operacións financeiras</b>	<b>58.805,4</b>	<b>80.122,4</b>	<b>36,25%</b>
Variación neta activos financeiros	58.805,4	80.122,4	36,25%
Variación neta pasivos financeiros	-	-	-
<b>TOTAL PRESUPOSTO</b>	<b>6.758.538,0</b>	<b>7.197.165,0</b>	<b>6,49%</b>

(\*) En miles de euros

### III.5 O CADRO MACROECONÓMICO DOS ORZAMENTOS

As medidas sinaladas no apartado anterior, que o goberno irá implementando a medida que avance o exercicio, permitirán obter uns crecementos diferenciais en actividade económica e emprego, dando lugar a un novo cadro macroeconómico que detállase a continuación:

CADRO MACROECONÓMICO		
	2001	2002
GASTO NO CONSUMO FINAL DOS FOGARES RESIDENTES	3.1	2.8
CONSUMO PÚBLICO	2.0	2.2
FORMACIÓN BRUTA DE CAPITAL	6.7	5.9
DEMANDA INTERNA (*)	3.9	3.5
EXPORTACIÓNS	3.8	5.6
IMPORTACIÓNS	5.5	6.6
SALDO EXTERIOR (*)	-1.1	-0.9
<b>PIB A PREZOS DE MERCADO</b>	<b>2.8</b>	<b>2.6</b>
<b>(Taxas de variación a prezos constantes)</b>		
<b>(*) Achegas ó crecemento do PIB</b>		

#### PRO MEMORIA

<b>EMPREGO TOTAL (Miles de persoas)</b>	<b>1,062.3</b>	<b>1,102.4</b>
VARIACIÓN EMPREGO TOTAL		
Miles de persoas	27.0	21.8
Taxa de variación	2.6	2.0
<b>IPC (Decembro/Decembro)</b>	<b>2.6</b>	<b>2</b>

Tras experimentar un crecemento do 2'8% no 2001, que nos permitiu dar outro salto importante no proceso de converxencia cós países da Unión Monetaria, a economía galega encara un novo exercicio económico sobre o que inciden dúas forzas de signo contraposto. Por un lado, as tendencias expansivas internas, derivadas da redución que están a experimentar os tipos de xuro e da mellora do poder adquisitivo das familias como consecuencia da redución da inflación, así como do impacto estimulante que sen dúbida exercerá a política económica que pretende por en práctica a Xunta a través do orzamento; estas tendencias expansivas xa comezaron a exercer un impacto positivo sobre a demanda de consumo, aínda que a demanda interna non poderá recuperarse de forma plena ata que o faga o investimento empresarial.

Por outra banda, as tendencias contractivas que, sen prexuício da mellora que xa están experimentando os indicadores de confianza e os indicadores adelantados da economía norteamericana e das principais economías europeas, dominan aínda o panorama da actividade económica mundial, limitando de forma considerable o crecemento do comercio internacional. Estas tendencias contractivas están afectando negativamente ás nosas exportacións, e continuarán incidendo de forma adversa sobre elas mentras a recuperación económica internacional non se consolide.

Dentro deste contexto exterior, no que os principais parámetros de referencia resúmense no Escenario que serviu de base para a elaboración do Cadro Macroeconómico, a economía galega ten como

obxectivo acadar un crecemento do 2'6% este ano, o cal permitiríanos avanzar novamente no proceso de converxencia co promedio español de renda por habitante e dar outro salto importante de aproximadamente 1'2 puntos porcentuais, na nosa traxectoria de acercamento ós estándares de vida dominantes nos países da Unión Monetaria Europea. Os aspectos máis relevantes do Cadro Macroeconómico que sintetizan a evolución previsible da economía galega no 2002, así como os supostos nos que este se sustenta, son os seguintes:

1. O consumo público total – que engloba as actividades levadas a cabo no noso territorio pola administración do estado, a administración autonómica e os restantes entes territoriais– rexistrará un crecemento real do 2'2% cifra inferior en 4 décimas ó crecemento esperado da nosa economía.
2. Estímase que o consumo privado rexistrará un crecemento do 2'8% unha cifra algo inferior á do ano pasado pero en calquera caso importante. Este crecemento estará fundamentalmente apoiado na mellora do poder adquisitivo dos salarios e das pensións como consecuencia da redución da inflación e nun moderado crecemento do emprego, dado que non é probable que os tipos de xuro experimenten en termos reais variacións significativas á baixa.
3. A Formación Bruta de Capital crecerá a unha taxa do 5'9% en termos reais. Este crecemento é inferior ó acadado no pasado ano; pero a súa composición interna será moi diferente. O investimento público experimentará un aumento substancial, o

cal permitirá compensar o menor crecemento previsto do investimento en vivenda e a desaceleración que no conxunto do ano aínda continuará rexistrando o investimento productivo privado.

4. No contexto de desaceleración da economía internacional e española que define o escenario de referencia, as exportacións totais de bens e servizos crecerán a unha taxa do 5'6%% e as importacións ó farán a un ritmo do 6'6%. Dentro das exportacións totais, estímase que o gasto en consumo final efectuado polos non residentes incrementárase nunha cifra próxima ó 12%. Como consecuencia a aportación do saldo exterior ó crecemento do PIB reducirase ata o -0'9%.
5. Polo que se refire ós prezos, espérase que a taxa de inflación continúe experimentando unha importante desaceleración ó longo do 2002, o cal permitiríanos que a inflación promedio do ano poida quedar situada no 2'5%. Os supostos nos que se apoia este pronóstico son uns prezos do petróleo da orde dos 20\$ por barril e un crecemento do custo salarial por persoa non superior ó 3%.

Aínda que o crecemento económico previsto para 2002 é lixeiramente inferior que ó rexistrado no 2001, estímase que o emprego poderá crecer a unha taxa do 2%, o que suporía a creación duns 22.000 postos de traballo netos.